

textos # 85

**As cancións
que lles cantaban aos cativos**

de Raúl Dans

**erre
güe
té**
revista galega de teatro

**XXIV PREMIO SGAE DE TEATRO
ENRIQUE JARDIEL PONCELA**

Fotografía: Ángela Dans



**erre
güe
té**

revista galega de teatro

**textos
85**

Sen perdón

Xerardo Couto

An te todo haille que recoñecer ao autor a valentía de abordar un asunto delicado, un verdadeiro tema tabú. De feito, moi poucos escritores ousaron tratar un asunto, o do terrorismo de ETA que se move polos lindeiros do terreo máis áspero e delicado, polo gume da navalla, politicamente falando, dos últimos anos. Recordo que cando ás veces mencionaba a posibilidade de desenvolver esta idea na obra, cando aínda non era máis ca un xermolo na súa cabeza, eu non podía deixar de manifestarlle o meu escepticismo e recomendáballe non meterse en leas; parecíame un tema esquivo, e mesmo arriscado, moi difícil de manexar no que había moito que perder e nada que gañar. Por suposto, equivoqueime. Esta peza gañou con todo o merecemento o XXIV Premio SGAE de Teatro Enrique Jardiel Poncela, o que confirmou unha vez máis que Raúl Dans acertou.

En *As cancións que lles cantaban aos cativos* Raúl móstranos máis fiel ca nunca ás dúas efes: familia e fatalismo. Os eixos dominantes da súa produción dramaturxica, aparecen con forza nesta peza teatral.

Os personaxes de Raúl Dans viven nunha sociedade, onde xa non hai ideais, nin compromiso, onde os vellos principios que informaban as revolucións están soterrados baixo o peso do escepticismo e da historia, e onde os movementos actuais non son máis ca un pálido reflexo daquilo que xa foi e non vai volver.

Un mundo onde non hai compaixón nin perdón, onde a paz é só para os inocentes e eses son difíciles de atopar. Un tempo onde nin as capelas arruinadas e baleiras, nin a droga, nin os ideais fracasados, son capaces de ofrecer unha vía de escape. Para este autor, unha vez máis “a vida é unha corrente subterránea que nos conduce sen remedio até o momento no que as nosas almas quedan ao descuberto, espidas...” porque a vida non é coma o póker,

cando xogas malas cartas, non podes volver barallar, non tes unha segunda oportunidade. Isto é o que lles acontece aos personaxes desta obra: buscan a verdade, o seu lugar no mundo para se converteren en verdadeiros seres humanos.

Nin sequera na familia atopan os personaxes ese lugar especial no mundo. Para Dans as familias son a orixe do conflito interno dos personaxes. Para nós é unha constante nas obras de Raúl o xeito que ten de observar o mundo desde a perspectiva da familia, cunha ollada descrida, e fatalista. Nesta obra, coma noutras do mesmo autor, os lazos familiares dos distintos personaxes están rotos, pais desaparecidos, nais ausentes, fillos abandonados, etc. Non hai unha soa relación familiar pacífica entre os personaxes desta peza. Creo que non desvelo nada; dicir máis, se cadra, sería estragar torpemente a arquitectura dramática deseñada por Raúl.

E, en fin, se dicíamos ao primeiro que ideolóxicamente era unha obra moi de Raúl, estilisticamente tamén o é. Hai que dicir que é un pracer asistir aos xiros, engados, e reviravoltas que propón o autor ao lector ou futuro espectador. E todo isto sempre cuns diálogos nos que cada personaxe fala como debe, no seu rexistro e na súa situación. Abraia ver o oído fino que ten Dans para reproducir e anovar a fala real da xente, e para inventar despois, con acerto, parlamentos convincentes que flúen perfectamente levándonos da man do principio ao final da historia. Un vaise sorprendendo a medida que vai transcorrendo a obra, e cando pensa que certas cousas están claras, cando cre que vai anticipar o que vai ocorrer a continuación, o autor dálle un xiro á historia e nos asombra, porque coñece, e domina con pericia, o oficio de escribir dramas. Esa mestría coa que está escrita esta obra tamén é, sen dúbida unha marca de Raúl Dans.

NOTA DO AUTOR

As cancións que lles cantaban aos cativos acadou en 2015 o XXIV Premio SGAE de Teatro Enrique Jardiel Poncela. Tratábase dunha tradución ao castelán do orixinal galego que agora, lector, tes nas túas mans por iniciativa da *Revista Galega de Teatro*.

O texto que aquí se publica na súa lingua de orixe contén as modificacións que, inevitablemente, xurdiron durante a tradución da obra ao castelán e as que, de novo inevitablemente, introducín mentres traballaba na que, a día de hoxe, se pode considerar a versión definitiva da obra.

Para papá.

Renunciar a todo esforzo por comprender esas mortes é a mellor maneira de impedir que se volvan producir? Encerrar así o acontecemento na súa singularidade, negarlle todo parecido co presente e o futuro non é unha maneira de privarnos das súas ensinanzas?

Fronte ao límite, Tzvetan Todorov

A acción desenvólvese na primavera de 2011, nas cidades de Vigo e Santiago de Compostela.

Unha voz de muller: «O número ao que chama está desconectado ou fóra de servizo neste momento. Por favor, deixe a súa mensaxe despois de escoitar o sinal». *A continuación, un son agudo e longo.*

VOZ HOME.- *(Son telefónico).* Si. Boas tardes. Ou bos días, se é que aínda está en Denver. Chamo de Pridet Investigacións. Son Sande, Carlos Sande, a axencia asignoume o seu caso. Non adoito deixar mensaxes nas caixas de voz, pero isto é importante e como non me devolvía as chamadas... O paxaro sae mañá da gaiola, vostede xa me entende. Téñolle o enderezo dos seus familiares máis directos. Os pais. Viven en Vigo. Mándollo por correo electrónico, se lle parece. É moi probable que o paxaro voe cara a alá en canto quede en liberdade, iso é suposición miña. Outra cousa. Hai unha moza. De vinte e cinco anos aproximadamente. Vive cos pais desa muller en Vigo. Aínda non teño nada seguro, pero se cadra é filla dela. Estou co tema. Xa sei que isto non entra no campo da nosa investigación, así que, se non quere que tire do fío, dígamo e esquezo o asunto. Polos cartos non ten que preocuparse, por suposto, co que xa nos ingresou está cuberta toda a operación. Máis nada. Seguimos en contacto.

Outro son agudo e longo e, despois dun breve silencio, cobra presenza o rumor da noite na cidade. Un espazo iluminado baixo a luz dun farol. Séntese durante uns intres unha explosión de música dance fóra de escena; a continuación, a freada dun coche e un bucinazo. Amaia entra con pasos apresurados, mirando ás súas costas, e detense ao pé do farol. Saca unha billeiteira de home do peto interior da cazadora, ábrea...

AMAIA.- *(Contrariada).* Vinte putos euros. *(Garda o billete no peto e baleira o contido do moedeiro na man).* Puta merda...

BRAIS.- Canto en total?

Brais sae de entre as sombras. Amaia retrocede, sobresaltada.

BRAIS.- Non es demasiado boa, que digamos. Primeiro elixes o tipo equivocado e despois deixas que te collan.

AMAIA.- Ninguén me colleu.

BRAIS.- Acabarán colléndote. Es bastante mala.

AMAIA.- *(Guindándolle a billeiteira).* Que che dean!

Amaia vai marchar.

BRAIS.- Sabes onde podo pillar?

AMAIA.- Queres pillar? Que queres pillar?

BRAIS.- Que me podes conseguir?

AMAIA.- De todo.

BRAIS.- De todo?

AMAIA.- Si, hostia, de todo. Mira, tío, acabo de roubarlle a carteira a un nota nese puto antro. Non creo que tarde en darse conta e en saír a por min. Teño algunha présa, vale? Se queres pillar, dime o que queres dunha puta vez. Coñezo un pavo que ten un material de primeira.

BRAIS.- Acompáñote.

AMAIA.- Non. Dásme a guita e eu vou, pillo o que sexa e lévoche a merda a algún sitio.

BRAIS.- Es de fiar?

AMAIA.- Claro que son de fiar, que pasa contigo?

BRAIS.- Coca?

AMAIA.- Coca, cabalo, cristal... As tres putas ces.

BRAIS.- Pensei que o cabalo estaba morto.

AMAIA.- Resucitou.

BRAIS.- Méteste cabalo?

AMAIA.- A ti que carallo che importa o que me meto ou deixo de meterme? *(Decidida a irse definitivamente).* Que che dean.

BRAIS.- Coca. Dous gramos.

Brais saca uns billetes do peto. Amaia faise con eles nun movemento rápido.

AMAIA.- No asilo. Quince minutos.

BRAIS.- No asilo?

AMAIA.- Non es de Vigo?

BRAIS.- De Santiago.

AMAIA.- Pregunta, tío. Aquí todo dios sabe onde está o asilo.

BRAIS.- Quince minutos?

AMAIA.- Hostia, si, quince minutos.

Amaia marcha. Séntese unha nova explosión de música dance, brevemente. Unha voz de home berra fóra de escena: «Fodida puta! Onde estás, puta!?». *Cambia a luz. Ilumínase unha mesa de despacho. Brais achégase e senta na cadeira, facéndoa xirar. A continuación, comeza a abrir os caixóns do escritorio, un detrás doutro, para volvelos cerrar acto seguido case sen pararse a mirar que hai dentro: non busca nada, simplemente parece estar cumprindo un vello ritual que perdeu todo o seu interese co paso do tempo. Entra Miguel, cun ordenador portátil e un feixe de cartas.*

MIGUEL.- Brais...

BRAIS.- (*Levántase, sorrinte, despois de pechar o último caixón do escritorio*). Pilláchesme.

MIGUEL.- Que sorpresa...

BRAIS.- lolanda deixoume pasar. Dixo que estabas nunha reunión.

MIGUEL.- Edición dixital. De cabeza aos novos tempos irremediabilmente. (*Abrázanse*). Como estás?

BRAIS.- Ben.

MIGUEL.- Xa vexo.

BRAIS.- E ti, papá? Tes bo aspecto.

MIGUEL.- (*Pousa o ordenador e as cartas na mesa*).

Intento coidarme un pouco.

BRAIS.- Perdoa por...

MIGUEL.- Era o primeiro que facías cando viñas de pequeno á editorial, remexer nos caixóns. Sempre acababas atopando algo co que enredar.

BRAIS.- Si, deume un ataque de nostalgia. Síntoo.

MIGUEL.- Non tes que desculparte. Non agacho nada raro neses caixóns.

BRAIS.- Queres dicir que non é aí onde teño que buscar?

MIGUEL.- Veña, Brais, non intentes enlearme. Cando chegaches? Chegaches hoxe?

BRAIS.- Antonte. Pero durmín en Vigo.

MIGUEL.- Quedas na casa, non?

BRAIS.- Non quero alterar a túa vida privada.

MIGUEL.- Tranquilo, agora mesmo non teño moita vida desa que estás insinuando.

BRAIS.- Xa non estás con lolanda?

MIGUEL.- Nunca estiven con lolanda. Só saímos un par de veces.

BRAIS.- Nada serio.

MIGUEL.- Iso. Nada serio.

BRAIS.- Nin con lolanda nin con ningunha outra. Nunca. Desde mamá.

MIGUEL.- Pois non. Pero ese é un tema demasiado serio para falalo así, polas boas, nada máis vernos despois de... canto, dous anos?

BRAIS.- Era a ver se te collía desprevido. Se non, é moi difícil sacarche nada. Ningunha verdade, quero dicir. E nin con esas... Pensaba instalarme no piso dos avós. Podo?

MIGUEL.- Podes. Como queiras. (*Saca un feixe de chaves do peto*). Precisamente tiña intención de ir hoxe por alí. Supoño que estará todo en orde. (*Entrégalle as chaves a Brais*). Queda con estas, eu teño outra copia na casa. Ceamos xuntos?

BRAIS.- Quedei cun colega. Pero podemos comer.

MIGUEL.- É que teño unha cita co conselleiro de Cultura... Bah! Cancéloa. Isto é máis importante. (*Senta*). O problema vai ser fixar outra, ese elemento leva meses evitándome. Nunca conxeniamos o conselleiro e eu. (*Descolga o teléfono*). Desacordos ideolóxicos. A cousa vén de vello, da universidade, nada menos.

BRAIS.- É igual, papá, non cambies nada.

MIGUEL.- En serio, pódoo facer.

BRAIS.- Déixao. Quedamos outro día.

MIGUEL.- De acordo. (*Colga o teléfono*). Agora que estás por aquí e non xogando ao póker ao outro lado do Atlántico, seguro que conseguimos amañalo. (*Ponse de pé*). Necesitas coche? Podo prescindir del se queres collelo ti.

BRAIS.- Aluguei un.

MIGUEL.- Parece que che está indo ben de verdade, eh? Alégrome, Brais, non sabes canto me alegre.

BRAIS.- Pero non estás orgulloso de min.

MIGUEL.- Que? Por suposto que si.

BRAIS.- Non, non o estás. Avergónaste. Non aturas que esa sexa a miña loita: unha partida de Texas Hold'm en Las Vegas ou en calquera outro lugar da América Imperial. Para ti é diñeiro sucio. Gustaríache que tivese ideais, que me compromete-se coa sociedade e co meu tempo, aínda que non sacase unha puta cadela de todo iso. Que me botase á rúa coma esa xente de...

MIGUEL.- De que...?

BRAIS.- Os Indignados.

MIGUEL.- Veña, que dis?

BRAIS.- Síntoo, papá, non son coma ti. Sinto que te defraudase...

MIGUEL.- Non me defraudaches.

BRAIS.- Pero é a miña vida. Nin sequera intentas entendela.

MIGUEL.- Fágoo. E enténdote.

BRAIS.- Eu tamén teño que esforzarme, vale? Levo anos tratando de entenderte. Non deixo de intentalo unha e outra vez. Pero ao final sempre logras confundirme.

Brais sacou un libro do peto traseiro do pantalón e botouno sobre a mesa.

MIGUEL.- Ah, Fanon. Imaxinábao. (*Colle o libro*). Non tiñas que mercalo, hai exemplares de sobra no almacén. Acabaremos queimando caixas cheas deles. Non me colle por sorpresa.

BRAIS.- Parabéns polo teu prólogo.

MIGUEL.- É difícil competir co prefacio de Sartre. É unha especie de clásico.

BRAIS.- A mamá tamén lle gustaba?

MIGUEL.- *Os condenados da Terra?* Non, parecíalle un ladrillo.

BRAIS.- Polo que contas aí, sempre quixeches publicalo.

MIGUEL.- Desde que chegou ás miñas mans, alá polo ano... Vaia, hai moito tempo. Era unha edición mexicana. Circulaban exemplares de man en man, era imposible encontralo en librerías. Decidín publicalo eu en galego algún día. Despois pasaron cou-

sas e deixeiño de lado. Pero todo iso xa o sabías, non?

BRAIS.- Non, nunca o mencionaras. Como outras moitas cousas da túa vida e da de mamá. Tiven que descubrirlas eu só.

MIGUEL.- Oe, Brais...

BRAIS.- Este non é o mellor momento, non si?

Breve pausa.

MIGUEL.- Dedícocho?

BRAIS.- Claro.

MIGUEL.- *(Saca unha estilográfica e senta na cadeira).* Fanon é un autor fundamental para entendermos as loitas anticoloniais e os movementos de liberación nacional da segunda metade do século XX...

BRAIS.- Lino no teu prólogo.

MIGUEL.- *(Mentres escribe).* Todo o que ocorreu en África e Sudamérica e no resto do mundo trala Segunda Guerra Mundial, a Guerra Fría entre Estados Unidos e a Unión Soviética... Hai que ler a Fanon para entender todo iso. É un gran pensador, merece estar presente, as súas ideas merecéno. Aínda que algúns as utilizasen para xustificar as causas máis insensatas.

BRAIS.- Todo iso está moi ben, papá, pero por que tiveches que publicalo ti? Por que ti precisamente?

MIGUEL.- Quizá eu fose precisamente a persoa máis indicada para facelo. *(Levántase).* Non foi unha decisión fácil, creme. Tiveron que pasar moitos anos para que ao final me decidise. *(Dálle o libro a Brais).* Pero tiña que cerrar esa ferida dunha vez por todas e para sempre.

Brais le en silencio a dedicatoria do pai.

BRAIS.- *(Cun sorriso incrédulo).* É moi difícil entender se non sabes como sucederon as cousas de verdade, papá. Realmente difícil. *(Garda o libro no peto).* Sabes o que buscaba cando era neno e remexía nos caixóns do teu escritorio?

MIGUEL.- Non sabía que buscases algo en concreto.

BRAIS.- Non era que que buscase algo, era máis ben que... Mamá non estaba con nós e eu non o entendía. Non entendía por que desaparecera das nosas vidas. E supoño que imaxinaba que en calquera lugar, no momento máis inesperado... Na casa, nos caixóns do teu escritorio aquí na editorial... Unha resposta. A razón pola que mamá non estaba con nós, iso era o que buscaba, o que esperaba atopar. *(Pausa).* Chámame un día destes e quedamos.

MIGUEL.- Seguro.

BRAIS.- Vale.

MIGUEL.- Alégrome de que volveses, Brais.

BRAIS.- Si. Chámame.

Brais sae. Miguel colle o feixe de cartas da mesa. Comeza a pasalas distraidamente até que unha lle chama a atención. Luz sobre o rostro de Rosalía.

ROSALÍA.- Que fermoso día de primavera amenceu hoxe. Un día claro e cheo de luz, sen unha nube no ceo. É cedo aínda, pero a temperatura é xa moi agradable e agradécese nas rúas ao sol a brisa suave que vén do mar. Non imaxinas cantas noites soñei cun día coma este para, simplemente, saír a camiñar e mesturarme coa xente...

Miguelponse de pé, mirando o sobre con receo.

ROSALÍA.- E non obstante, aquí estou, encerrada entre catro paredes unha vez máis, esperando ansiosa noticias túas, e para facer máis levadeira a espera, escribo as palabras que lle poñerán fin a este caderno. Si, todas as cousas chegan, mesmo as de máis lonxe. O tempo, que todo o devora, quizá devorase tamén o teu odio e poida volver terte ao meu lado algún día. Pero penso no dano que che fixen, no dano que lle fixen a tanta xente, e dígame que talvez só se te perdesen para sempre se faría xustiza...

Miguel abriu o sobre e sacou do seu interior unha carta dunha única folla. Puxo as lentes e empezou a ler.

ROSALÍA.- Cando leas isto xa o saberás todo: que foi o que fixen e por que me afastei do voso lado. Saberás que sempre te quixen, que non deixei de pensar en ti durante todos estes anos. E eu saberei se accediches a verme, se ao final a miña vida cobrou sentido ou deixou de telo definitivamente...

Miguel engurra a carta entre as mans, con rabia. Escuro sobre Miguel. A luz foi abrindo devagar desde o rostro de Rosalía, até que vemos que está sentada no extremo esquerdo dunha mesa ampla con varias cadeiras baleiras arredor. Tamén hai unha papeleira. Rosalía ten un caderno aberto ante ela e un bolígrafo na man. Despois das súas últimas palabras, Rosalía fica abstraída mirando á fronte. Alguén arrastra unha das cadeiras que hai á súa dereita e dispónse a sentar: é Brais, cunha carpeta e o exemplar d' Os condenados da Terra de Frantz Fanon que lle dedicou o pai.

BRAIS.- *(A Rosalía, baixo, polo ruído que fixo ao sentar).* Perdón.

Rosalía fixa a ollada no caderno. Brais acomódase e

dispón as súas cousas sobre a mesa. Despois busca algo nos petos, infrutuosamente.

BRAIS.- Perdón. Eu outra vez. Non terá un lapis, verdade?

ROSALÍA.- Non.

BRAIS.- Xa. Perdón.

Brais volve palpar os petos e, finalmente, atopa o lapis que buscaba. Amósallo a Rosalía, satisfeito. Rosalía esboza un sorriso de compromiso. Braisponse coa súa tarefa: le, subliña no libro, fai algunha anotación... Mentres, observa con disimulo a Rosalía, que levantou a ollada do caderno e está de novo abstraída mirando á fronte.

BRAIS.- Dá gana de coller un barco e irse para alá, verdade?

ROSALÍA.- Que?

BRAIS.- Para as Cies. Sabe que? Non debería haber ventás nas bibliotecas. Terían que estar totalmente illadas do exterior para non saber se fóra chove ou fai sol. Vendo o día que vai, é difícil concentrarse no traballo. *(Indicando o libro e a carpeta).* Exames. Ciencias Políticas. Dúas materias e acabo. Xa ía sendo hora, con 27 anos. A ver se quito isto de enriba dunha vez e lle dou unha alegría ao meu pai. *(Pausa).* É escritora?

ROSALÍA.- Non.

BRAIS.- Pero está escribindo.

ROSALÍA.- Si.

BRAIS.- Cousas persoais? Un diario ou algo así?

ROSALÍA.- Algo así.

BRAIS.- A súa vida, os seus segredos... Cámbiollo polo meu libro, seguro que o seu caderno é moito máis entretido de ler. *(Sorri).* É broma. *(Polo libro).* Fanon. *Os condenados da Terra.* Ensaio. *(Lendo na contraportada).* «Un texto capital para entendermos os movementos de liberación nacional da segunda metade do século XX», bla, bla, bla.

ROSALÍA.- Coñezo a Fanon.

BRAIS.- Coñece a Fanon? Sorpréndeme. Non é un autor moi popular.

ROSALÍA.- Foino hai tempo.

BRAIS.- En determinados círculos, supoño.

ROSALÍA.- En determinados círculos.

BRAIS.- Círculos de esquerdas. Universitarios e todo iso. Mozos seducidos pola idea da revolución...

ROSALÍA.- A revolución sempre foi patrimonio da mocidade.

BRAIS.- Pero non todos os mozos, por moi rebeldes que sexan, posúen verdadeiras conviccións, verdade? E despois son menos aínda os que se erguen e loitan polos seus ideais. Até as últimas consecuencias, quero dicir, até o obxectivo final: substituír

unha especie de homes por outra especie de homes e crear un mundo novo e mellor. Esa é a meta, segundo Fanon. E só hai un camiño para que ese mundo chegue a materializarse: a violencia. A que bando pertencía vostede?

ROSALÍA.- Como?

BRAIS.- Xa sabe, o fin xustifica os medios. Iso por un lado. E do outro, os que eran máis de Camus.

ROSALÍA.- Eu era das que non tiñan conviccións.

BRAIS.- Pois non o parece. Así, a simple vista, sen coñecela de nada.

ROSALÍA.- Xa non teño 20 anos.

BRAIS.- Entón supoño que non chegou a lelo. A Fanon. Espere, déixeme que adiviñe: intentouno pero non pasou do prefacio de Sartre. Acertei, verdade? A vostede *Os condenados da Terra* parecíalle un ladrillo.

ROSALÍA.- Pode expresarse así.

BRAIS.- Para o Che Guevara foi un libro moi importante. Dío aquí.

ROSALÍA.- Foi un libro importante para moita xente.

BRAIS.- Para algún dos seus amigos en concreto?

ROSALÍA.- Si.

BRAIS.- Tamén para o prologuista desta edición. Hai pouco que saíu. Dedicoumo. Fun á presentación e tivo a amabilidade de poñerme unhas palabras. Un home con verdadeiras conviccións. Como o seu amigo, supoño. Miguel Corral. Sóalle?

Pausa.

ROSALÍA.- Non me soa.

BRAIS.- Tamén traduci o texto. E é o dono da editorial. Un auténtico home orquestra. Mire, para serlle sincero, e isto que quede entre nós os dous, eu estou un pouco con Fanon. Non creo que se poidan conseguir grandes cambios acampando nas prazas, facendo asembleas parvas e escribindo mensaxes reivindicativas na rede. Para que haxa cambios de verdade hai que ir máis alá. Robespierre e os seus non acabaron co Antigo Réxime tirando de pancartas precisamente. Por desgraza, chega un momento no que ten que haber sangue. Non o digo eu, é unha verdade histórica. E chegados a ese punto, os métodos son o de menos. Vale o que sexa con tal de achegarse ao obxectivo, aínda que morra xente inocente. A guillotina, o paredón, o disparo na caluga... Un bo petardo... ROSALÍA.- De que estás falando?

BRAIS.- Non se asuste, eu son coma vostede, carezo de verdadeiras conviccións. Esa é unha das miñas moitas carencias. Por iso a carreira política é perfecta para min. *(Buscou no libro a páxina da dedicatoria. Le).* «Aquel que comprende ten capacidade de esquecemento». *(A Rosalía).* Sabia reflexión. É a dedicatoria do señor Corral. A frase non é del, é dunha novela. Pero está ben, verdade? Aínda que

quizá non sexa máis ca iso: unha boa frase sen ningún sentido real.

ROSALÍA.- Quen es ti?

BRAIS.- Hai cousas que non se deben esquecer, non lle parece? Ás veces non hai nada que comprender. Ou simplemente non queres facelo. Ás veces o único que desexas é ver sufrir os que te feriron. Velos sufrir de verdade.

Brais mira en fite a Rosalía. Entón, Rosalía ponse de pé precipitadamente. Colle o caderno, o bolso..., mira a Brais por última vez e sae. Despois dunha pausa, Brais guinda Os condenados da Terra e a carpeta á papeleira. Escuro sobre Brais. Séntense voces débiles, algunha risa apagada e toses. Descubrimos a Amaia entre as sombras. Está sentada no chan contra un tabique escachado e cuberto de pintadas, rodeada de lixo e cascallos, fumando unha pipa de crack. Entra Brais. Pausa.

AMAIA.- Que miras?

BRAIS.- Non me lembrás?

AMAIA.- Pérdete, capullo.

BRAIS.- A outra noite. Quedamos en vernos aquí.

AMAIA.- (Despois dunha pausa). Non apareciches.

Estívete buscando. Eu que sei.

BRAIS.- Créocho.

AMAIA.- Cresmo?

Amaia sorri cunha especie de gruñido desganado. A continuación, dálle a derradeira calada á pipa, guíndaa no chan e ponse de pé.

BRAIS.- Tes o meu? A miña coca, xa sabes. Ou a guita.

AMAIA.- Que che dean.

Amaia sae cambaleando. Despois duns intres, Brais sae detrás dela. A escena escurece brevemente. Cando se volve iluminar, Amaia está subida ao peitoril dunha azotea e séntese o rumor do tráfico nocturno. Ao fondo, a lúa flota sobre a ría de Vigo. Amaia camiña sobre o peitoril cos brazos estendidos para manter o equilibrio. Entra Brais. Amaia detense e mira ao baleiro.

BRAIS.- Hai mellores formas de matarse que chimparse desde o alto dun edificio abandonado. Cabalo, por exemplo. Un bo pico. Sen dor, sen miolos espaxados polo chan...

AMAIA.- Sei onde pillar.

BRAIS.- Eu douche a pasta e quedamos, non?

Amaia permanece sobre o peitoril, co baleiro aos seus pés. Brais prende un cigarro.

BRAIS.- Está ben o asilo. Pódeste colocar tranquilamente e se tes un ataque de misticismo, rezar na capela. (Achégase ao peitoril). O malo é o cheiro a vómito por todas as partes. Pero se necesitas algo de aire fresco, sobes á azotea e de paso flipas coas vistas.

AMAIA.- Quen carallo es ti?

BRAIS.- O tipo ao que lle roubaches 120 euros a outra noite.

AMAIA.- Non. Quen es de verdade?

BRAIS.- O teu anxo da garda.

AMAIA.- Por que me estás seguindo?

BRAIS.- Débesme pasta.

AMAIA.- Sabías que ías perder esa pasta.

BRAIS.- Quería ter unha desculpa para verte de novo.

AMAIA.- Se o que queres é foder comigo, non tes que argallar película ningunha, só mercar algo para meternos. Aínda non estou suficientemente colocada para comer rabo a cambio de nada.

BRAIS.- Non quero foder contigo.

AMAIA.- Non che gusto?

BRAIS.- Estás moi ben.

AMAIA.- Es maricón?

BRAIS.- Non.

AMAIA.- Douche noxo? Tes medo de que che pase algo?

BRAIS.- Non pensara niso.

AMAIA.- Eu non me deito con calquera.

BRAIS.- Nin eu.

AMAIA.- Por que o fas? Eh? Por que me estás seguindo?

BRAIS.- Porque me gustas.

AMAIA.- Se che gustase, quererías foder comigo.

BRAIS.- Non o quero facer así. Non quero que sexa sexo a cambio de droga.

AMAIA.- Entón busca outra.

BRAIS.- Xa.

Brais apaga o cigarro co pé. De súpeto, bótase sobre Amaia e agárraa polas costas.

AMAIA.- Que hostias fas?

BRAIS.- Non é o querías? (Arrímaa ao bordo exterior do peitoril). Non querías facelo?

Amaia bota o corpo para atrás, tratando de evitar a caída ao baleiro. Finalmente, Brais tira dela cara ao piso da azotea, baixándoa do peitoril.

AMAIA.- Estás colgado? Sóltame, cabrón! (Brais non a solta. Inmobilízaa e rexístralle os petos). Que fas? (Brais atopa o que buscaba: o teléfono móbil de Amaia. Entón, agora si, sóltaa, apartándoa do seu lado dun empurrón. Brais comeza a manipular o

móbil). Dáme o meu teléfono. Que merda estás facendo? (*Brais teclea no móbil de Amaia*). Que escribes? Dáme o puto teléfono. Que mo deas, hostia. Dámo!

Amaia arrebatálle o móbil das mans.

BRAIS.- É o meu número.

AMAIA.- Non quero o teu puto número.

BRAIS.- Cando teñas a miña pasta, chámasme e devólvesma.

AMAIA.- Fódete! (*Dálle un empurrón*). Que che dean, capullo!

Amaia dálle outro empurrón máis forte a Brais e sae. Brais fica en escena. A luz cambia. Un interior, día. Recanto con dúas butacas e unha mesa baixa. Sobre a mesa, unha pequena caixa de marquetería. Brais quita a cazadora e senta nunha butaca.

MIGUEL.- (*Off*). Malta?

BRAIS.- Malta, si.

MIGUEL.- (*Off*). Por que Malta?

BRAIS.- Mellor Tailandia?

MIGUEL.- (*Off*). É a outra opción?

BRAIS.- Son as dúas mellores.

Entra Miguel, cunha botella de licor café e dous vasos.

MIGUEL.- Así que unha casa de póker...

BRAIS.- É como un casino, pero en internet.

MIGUEL.- (*Sentando*). E vós sodes a casa.

BRAIS.- Exacto.

MIGUEL.- É un sinal.

BRAIS.- Un sinal?

MIGUEL.- Máis cartos que coas partidas?

BRAIS.- As partidas non sempre se gañan.

MIGUEL.- Un sinal. (*Serve o licor nos vasos*). Deixas os torneos, as viaxes, o risco... E acomódaste. Sabes que significa iso, non? Estaste aburguesando.

BRAIS.- E iso é malo?

MIGUEL.- Nos meus tempos era o peor. Era sinónimo de fracaso, de renuncia... De traizón.

BRAIS.- A ti non che foi mal.

MIGUEL.- (*Achégalle un vaso de licor a Brais*). A ver que che parece. Faino un autor da nosa editorial. Alberte Gonsar. O resto do tempo dedícase a escribir novela negra. Sobrevivimos grazas ao seu detective. Estou a piques de pechar a venda de toda a serie aos americanos.

BRAIS.- Vaia, os americanos.

MIGUEL.- Si, xa ves o inxusto que son ás veces contigo. Tamén eu acepto os seus *cochinos* dólares.

BRAIS.- (*Brindando*). Por Gonsar.

MIGUEL.- Por Gonsar. (*Beben*). Fantástico, verdade? Se escribise igual de ben... (*Bebe de novo*). Mellor Malta. Polo clima.

BRAIS.- Ademais en Malta xa está todo montado, só tería que dicir que si. En Tailandia sería empezar de cero.

MIGUEL.- Daquela está decidido?

BRAIS.- Terían que cambiar moito as cousas.

Brais bebe.

MIGUEL.- Teño algo para ti. (*Miguel abre a caixa de marquetería que hai na mesa e saca unha fotografía. Dálle a Brais*). Atopeina hai uns meses por casualidade. Pensaba que a perdera. Íacha enviar por correo, pero preferín esperar a que volveses e darcha en persoa. É na Coruña, antes dun concerto dos Ramones en 1981. Hai trinta anos xa. Á túa nai encantábanlle os Ramones. En directo soaban como unha camioneta de ferralla envorcando na rúa. (*Brais mira a foto en silencio*). Por sorte, ti saíches cuspidiño a ela. Os ollos, o nariz... Todo é da túa nai, mesmo camiñades igual. Aí non se lle ven os pés, pero leva aquelas botas das que xa che falei nalguna ocasión, aquelas que tiña coas solas furadas. Camiñabamos moito na nosa época de estudantes aquí en Santiago, estabamos todo o día de arriba para abaixo. A túa nai non quitaba esas botas de enriba. Así acabaron, coas solas completamente gastadas. Enchoupábanselle cada vez que chovía, pero non había forma de que tirase con elas por nada do mundo. Até que un día, botando a sesta nun banco da Alameda, lle entraron formigas polos buracos. Tíñaas por todo o corpo. Espiuse en décimas de segundo, prométocho. Se houbese algunha marca diso, ela teríaa esnaquizado. (*Serve máis licor*). Esa mesma tarde fomos mercar unhas botas novas e por fin tirou coas vellas. Pero supoño que xa che contei esa historia mil veces.

BRAIS.- Esa en concreto, si. (*Pola foto*). O *skin* que está con vós é Simón, non?

MIGUEL.- Estaba na mili, por iso leva a cabeza rapada. Fíxo a nun grupo de operacións especiais. A culpa foi dunha mala viaxe de ácido. O de facer a mili. Fumabamos haxix, ás veces tamén tomabamos algunha pastilla. Anfetaminas. Eramos novos, uns inconscientes, ninguén sabía como ía acabar aquela aventura. O caso é que Simón quería probar o LSD e un día comprou un ácido. Era un cadradiño pequeno de papel secante rosa. Chamábase Panteira Rosa. Tomárono el e a túa nai, metade e metade. Eu ocupeime de vixiar que ningún dos dous fixese unha loucura. A túa nai tivo unha boa viaxe, pero o de Simón foi un pesadelo de ananos con machados e lagartos xigantes. Decidiu deixar de xogar. Plantou a

carreira e foi facer a mili. Ao acabar o servizo obrigatorio reenganchouse e botou no exército uns anos máis. Despois meteuse a garda de seguridade privada. Cando ti naciches, no 84, aínda nos viamos de cando en vez, cada día menos. Pero na Universidade andabamos os tres sempre xuntos.

BRAIS.- *(Guinda a foto na mesa)*. É hoxe o día?

MIGUEL.- Que?

BRAIS.- O día de sincerarte comigo. Aínda que chega un pouco tarde, non? Debíchesme contar hai moito que o tal Simón formaba parte do voso pasado. Pero calaches até que eu o descubrín. Iso e todo o demais. O único que souben por ti do que pasou con mamá foron mentiras. Desde o principio.

MIGUEL.- Eras un cativo. Tiña medo de que non entendeses por que non estaba con nós.

BRAIS.- Criches que o entendería mellor se mo acababa soltando algún rapaz na escola? Iso foi o que pasou, lembrás?

MIGUEL.- Sabía que me arriscaba a iso.

BRAIS.- O caso é que crecín e ti seguiches mentindo.

MIGUEL.- Comprendo que te sintas así.

BRAIS.- Como? Estafado?

MIGUEL.- De acordo, que queres saber? Pregúntame o que queiras.

BRAIS.- Agora mesmo só teño unha pregunta para ti.

MIGUEL.- Adiante.

BRAIS.- Entráronche formigas polos zapatos?

MIGUEL.- Ás veces teñen que pasar cousas para que te deas conta de que chegou o momento de facer algúns cambios.

BRAIS.- E que foi o que pasou agora?

MIGUEL.- Débocho.

BRAIS.- Sempre tiveches esa débeda comigo. Por que agora?

MIGUEL.- Porque nuns días volverás marchar, quen sabe por canto tempo, e non aturo ver como cada minuto que pasa a fenda que hai entre nós se fai máis grande.

BRAIS.- Resposta equivocada.

Braisponse de pé, colle a cazadora e ponla.

MIGUEL.- Sábelo, non si? Sabes que está libre, que cumpriu a súa condena e saíu do cárcere. Por iso viñeches.

BRAIS.- Velo? Ves a que me refería? A caixa dos segredos seguiría pechada se non sospeitases que estou aquí porque a ceibaran. Sempre tiveron que ir por diante de ti nisto, papá, ti nunca me contarás a verdade sobre nada. As formigas terían que estar devorándote.

Brais sae. Miguel sèrvese outro vaso de licor e bébeo dun grollo. A continuación, saca da caixa de

marquetería a carta que recibiu o día do seu primeiro encontro con Brais. Luz sobre Rosalía, sentada na mesa dunha cafetería. Miguel empezou a marcar un número no seu móbil, copiándoo da carta. Pulsa a tecla de chamada. De inmediato, empeza a soar un teléfono no bolso de Rosalía. Rosalía colle o teléfono e mira o número que aparece na pantalla, con aprehensión, sen decidirse a contestar. Cando Miguel se dispón a interromper a chamada, Rosalía finalmente responde.

ROSALÍA.- Diga? *(Silencio)*. Quen é? *(Silencio)*. Diga?

MIGUEL.- Mañá. Hai un parque en Padrón á man esquerda vindo de Vigo, ao pé da estrada principal, fronte á praza do concello... Ás once.

Miguel finaliza a chamada. Escuro sobre Miguel. Mentres Rosalía garda o teléfono no bolso, entra Amaia. Amaia detense a uns pasos da mesa que ocupa Rosalía, obsérvaa en silencio uns segundos.

AMAIA.- Es ti?

Rosalía repara en Amaia.

ROSALÍA.- *(Poñéndose de pé, dubidosa)*. Amaia...?

AMAIA.- Ti es a miña nai?

ROSALÍA.- Pensei... A avoa díxome que...

AMAIA.- Cambiei de idea no último momento. Pero non te fagas ilusións, vale? Isto non significa nada.

Rosalía senta. Despois dunha pausa, Amaia achégase á mesa e senta fronte a Rosalía.

ROSALÍA.- Queres... tomar algo?

AMAIA.- Por que quedastes nunha cafetería? Non tes casa?

ROSALÍA.- Estou nunha pensión.

AMAIA.- Dábache vergoña que a avoa vise onde vives?

ROSALÍA.- Non quero que se preocupe por min innecesariamente. Estou ben.

AMAIA.- Estás vella. Para ter só 46 anos, quero dicir. Non esperaba atopar a moza das fotos que me amosou a avoa, pero nunca imaxinei que estarías tan avellentada.

ROSALÍA.- Síntoo.

AMAIA.- Que é o que sentes? Parecer máis vella do que es?

ROSALÍA.- Non estar ao teu lado todos estes anos.

AMAIA.- Foi o que elixiches. Elixiches marchar e deixarme cos avós.

ROSALÍA.- Non podía levarte comigo.

AMAIA.- E tampouco podías quedar.

ROSALÍA.- Non, non podía quedar. Tiña que irme.

AMAIA.- E eu non debía saber onde estabas nin por que marcharas. Tiña que ser a única que non o soubese.

ROSALÍA.- Quería ser eu quen cho contase todo cando chegase o momento.

AMAIA.- E ese momento xa está aquí, non?

ROSALÍA.- Si.

AMAIA.- Por que ti o dis?

ROSALÍA.- Porque antes non podía ser.

AMAIA.- E aos avós o teu plan pareceulles ben.

ROSALÍA.- Eles só fixeron o que eu lles pedín. Foi decisión miña. Quizá todo foi un erro...

AMAIA.- Estou segura de que o foi.

ROSALÍA.- Pero o erro foi meu. Non debes culpar os avós.

AMAIA.- Non os culpo. O que non entendo é como non te borraron das súas vidas para sempre. *(Tira un sobre do peto e pono sobre a mesa).* De parte da avoa.

ROSALÍA.- Que é?

AMAIA.- Cartos.

ROSALÍA.- Non necesito cartos.

AMAIA.- A avoa díxome que chos trouxese e aí os tes.

ROSALÍA.- Non podo aceptalos.

AMAIA.- Se soubeses o que me custou non tocar esa pasta, colleríala sen dicir unha palabra. Non creo que debamos arriscarnos a que vaia de volta con ela para a casa, non resistiría a tentación por segunda vez.

ROSALÍA.- *(Colle o sobre e gárdao no bolso).* Heillos devolver.

AMAIA.- A avoa non quere que llos devolvas.

ROSALÍA.- Sábeo o avó?

AMAIA.- Supoño. Pero el pagaría o que fose con tal de non ter que verte diante. Ponse malo só con oír o teu nome. Pero malo de verdade, non é broma. Ponse enfermo.

Pausa.

ROSALÍA.- Tes o pelo moi bonito.

AMAIA.- Deberías terme visto hai anos, cunha calva coma a palma da man. Toda esta parte de arriba da cabeza. Parecía un deses vellos roqueiros, co cocote limpo e as greñas arredor. Na casa levábao solto, pero para saír recollíao nun moño. Cada día era máis pequeno, chegou un momento no que case non tiña pelo para facelo e tapar a calva. Así que rapei a cabeza ao cero. No barrio crían que tiña cáncer. Á avoa abrasábana a preguntas. Pero no instituto causei sensación, collín fama de dura. Iso axudoume a superalo. Sen psicólogos nin nada. Eu soa.

ROSALÍA.- Debín estar ao teu lado, eu...

AMAIA.- Seguro que a avoa che mandou algunha daquelas fotos que me fixo cando xa empezaba a poder peitearme de novo. Imaxino que te tiña ao tanto de todo o que me pasaba.

ROSALÍA.- Si.

AMAIA.- Chámase tricotilomanía. É un trastorno obsesivo compulsivo.

ROSALÍA.- Xa o sei.

AMAIA.- Algunhas persoas arrincan os pelos das cellas ou das pernas. A min deume polos da cabeza. Ao principio eran só dous ou tres ao día, pero despois xa os arrincaba a puñados. Ía un a un, iso era o divertido, pero cada vez que me poñía, deixaba no chan alí onde estivese unha bóla de pelos. Non me desfacía deles nin nada, deixábaos alí tirados. Non me importaba que a avoa os atopase. Ela suplicábame que parase, que estaba estragando o pelo tan bonito que tiña, pero eu nada, nin caso. É unha enfermidade, non o podes deixar así como así. Hai que ser moi forte.

ROSALÍA.- Todo foi culpa miña...

AMAIA.- É que non paraba de preguntarme por que me abandonaras. Poñíame a darlle voltas e máis voltas... Cada pelo que arrincaba facíame pensar que me atopaba un pouco máis cerca da verdade. Que idiota! *(Pausa).* Tiña que esquecerte. Non me deixaches outra saída. Espero que o entendas.

ROSALÍA.- Equivoqueime. Debín facer algo daquela, debín...

AMAIA.- Xa. Pero pasaches. O teu fantástico plan tiña que seguir adiante. E para que? Para nada. Ao final, sóbeno todo.

ROSALÍA.- Que queres dicir?

AMAIA.- Hai unhas semanas, cando estaban a piques de ceibarte, os avós tiveron unha discusión. Era por ti. A avoa quería que viñeses para a casa, pero o avó dicía que nin de broma. Por iso rifaban. Entón o avó contoumo. E sabes que? Nunca, en ningún momento cando arrincaba o pelo a puñados, me acheguei nin un pouco ao que o avó me dixó que fixeras.

ROSALÍA.- Sei que é difícil de entender...

AMAIA.- Difícil? Mataches dúas persoas.

ROSALÍA.- Déixame que cho explique...

AMAIA.- Non quero as túas putas explicacións!

ROSALÍA.- Era moi nova. Tiña esa idade na que desprezas a vida. A dos outros e tamén a túa...

AMAIA.- Iso enténdoo.

ROSALÍA.- Escoita...

AMAIA.- Non te odias polo que fixeches?

ROSALÍA.- Aprendín a vivir con iso, a aceptarme.

AMAIA.- Eu non tiven tempo. Se cadra algún día acabo aceptándote eu tamén, pero agora non podo. Agora aínda estou empezando a odiarte polo que fixeches. E é unha mágoa, porque xa deixara de sentir rancor por abandonáresme.

ROSALÍA.- Non quería que medrases sabendo que a túa nai era unha asasina.

AMAIA.- Que che fixo pensar que vinte anos despois estaría preparada para sabelo?

ROSALÍA.- Supuxen que serías madura abondo para non utilizarme como excusa.

AMAIA.- Como excusa para que?

ROSALÍA.- Para estragares a túa vida.

AMAIA.- Tranquila, non me importas tanto como para que se me dea por aí. Pero se un día me paso de voltas e fago unha boa cagada, espero que cargue para sempre sobre a túa conciencia.

Amaia levántase, disposta a marchar.

ROSALÍA.- Non sentes curiosidade?

AMAIA.- Por que?

ROSALÍA.- Polo teu pai. Imaxinei que queredes saber algo sobre el. Pero non temos que seguir falando nin tes que verme máis se non queres. *(Saca do bolso o caderno no que escribía na biblioteca. Déixao na mesa).* Está todo neste caderno. Escribino no cárcere. Sabía que isto podía pasar, que se cadra non queredes escoitarme. E estás no teu dereito. Por iso o escribín todo. Para que poidas coñecer o teu pai e saber que nos quixemos, que el non te abandonou. *(Achégalle o caderno).* Léva. Escribino para ti.

Pausa.

AMAIA.- Non. Non o quero. Non quero saber nada sobre o meu pai. Non quero ter motivos para odialo tamén a el.

Amaia sae. Cambia a luz sobre Rosalía.

ROSALÍA.- Viste como o Che Guevara, con uniforme e botas militares. Leva o pelo esaxeradamente longo baixo a boina da estrela vermella e a barba chégalle aos pés. Ten un aspecto cómico, irreal, pero aínda así non me dou conta de que se trata dun soño. Pregúntolle por que estou no cárcere, que fixen para que me encerrasen, pero el dime só que non me preocupe, que todo acabou. Cólleme da man e condúceme fóra da cela. Despois lévame até a porta da rúa polos corredores baleiros da prisión. E alí, no exterior, estás ti, feliz de verme de novo... Non son tan inxenua. Sei que talvez ti non queiras saber nada de min cando isto acabe, pero non quero pensar niso agora. Agora quero pensar que todo vai saír ben. Que un día che contarei por que matei esas persoas, por que te abandonei, por que fuxín e despois de cinco anos me entreguei á policía, por que non quero que saibas que estou no cárcere...

Contareicho e entenderás por que debemos continuar separadas até que cumpra a miña condena... Hoxe tiven visita da avoa. Ela tróuxome o caderno. Pedínllo por carta e hoxe tróuxomo. O avó quedou no hotel. A avoa díxome que se encontraba mal a causa da viaxe, pero eu sei que é mentira. Papá non me quere ver. Non o atura, non é capaz de mirarme á cara, noteillo durante o xuízo. Díxome a avoa que ti quedaches na aldea, coa mamá Pura e coa madrriña, que ela e o tío che regalaran un año polo teu aniversario e que lle puxeches Camila. É un nome bonito. A avoa quedou en sacarnos unha foto a ti e a Camila xuntas e mandarma; vouna pegar na parede da miña cama para vela cando me deite e cando me levante polas mañás. Seis anos xa! Terás 25 cando isto acabe. Estarás xa feita unha muller e eu non te terei visto medrar. Pero sigo co soño...

Luz sobre Amaia, de pé no peitoril da azotea do asilo, mirando ao baleiro.

ROSALÍA.- Ti estás aí, ao outro lado da porta da prisión, co pelo solto precioso. Non sei canto tempo pasei no cárcere, pero ti aínda es unha nena. Nada máis verme, botas a correr cara a min e eu estendo os brazos para collerte. Pero de súpeto séntese unha forte explosión e énchese todo de fume e po. Comezou a soar unha alarma. Ti e o teu pai desapareceste. Chámovos, pero ninguén responde. Cando empezan a esvaeerse o fume e o po, vexo un home de costas, axeonllado entre os cascallos. Achégome a el para preguntarlle se vos viu, pónolle a man no ombro e, cando se vira cara á min, descubro de quen se trata. Nunca o vira antes en persoa, pero en canto o vexo doume conta de quen é ese home, por que está no meu soño. Aínda non sei que estou soñando, claro; todo é completamente real para min. O caso é que nese momento comprendo que foi o que fixen e por que estou no cárcere. Entón berro. E é o meu propio berro o que me esperta. Estou na miña cela. A alarma que soaba no soño é o aviso para que as internas se levanten. Comeza un novo día. Un novo día sen ti. Un día máis desta longa espera. Unha espera que só terá sentido se ao final te volvo ter ao meu lado.

Escuro sobre Rosalía. Amaia estivo todo este tempo subida ao peitoril, co baleiro aos seus pés, mentres o sol foi caendo até o solpor. Soa o móbil de Amaia. Amaia deixa que a sintonía de chamada soe durante uns segundos e, finalmente, contesta.

AMAIA.- Ola, avoa. (...) Estou tomando algo por aí. (...) Dei, si. (...) Nada, que grazas e que xa chos devolverá. Oe, non me esperes esperta, vale, avoa?

Se cadra durmo fóra. (...) Non sei, mañá pola tarde. Non sei. (...) Estou ben, non te preocupes... Avoa... Avoa, ti sabes que a vós non vos culpo de nada, verdade? Ti sabes que vos quero. Aos dous, a ti e ao avó. Quérovos aos dous. Sábelo, verdade? (..) Porque si. (...) Non, non me pasa nada. Só quería que o soubeses. (...) Xa o sei, avoa. (...) Adeus.

Amaia finaliza a chamada, pero permanece co móbil na man, de pé sobre o peitoril. Escuro sobre Amaia e luz sobre Miguel. Miguel está sentado nun banco dun parque. Hai outro banco en perpendicular ao que el ocupa. Entra Rosalía. Rosalía detense nada máis entrar, indecisa.

MIGUEL.- Chega cedo.

ROSALÍA.- Quería ser puntual.

MIGUEL.- (*Cortante*). Quería chegar antes ca min. Quería ofrecerche esa sutil mostra de respecto: estar aquí cando eu chegase, esperándome. Equívocome?

ROSALÍA.- Non.

MIGUEL.- Supuxen que esa sería a súa intención, así que decidín adiantarme a vostede. Entende por que o fixen?

ROSALÍA.- Creo que si.

MIGUEL.- Non necesito ningunha mostra de respecto pola súa parte. Iso era o que quería que entendese. Ningunha. Espero que lle quedase claro.

ROSALÍA.- Só intentaba facer o correcto.

MIGUEL.- Igual que coa súa carta?

ROSALÍA.- Tamén coa miña carta.

Rosalía senta no banco libre.

MIGUEL.- (*Despois dun breve silencio, nun ton menos belixerante*). Nesa carta dicía vostede que se instalara en Vigo. É de Vigo, non?

ROSALÍA.- Nacín alí. Os meus pais volveron a Galicia despois de...

MIGUEL.- Trouxérona eles?

ROSALÍA.- Vin soa.

MIGUEL.- Tren ou autobús?

ROSALÍA.- Tren.

MIGUEL.- Non estou moi seguro de que un parque sexa o lugar idóneo para unha cita destas características, pero... En fin, voulle ser sincero. Non me parecía oportuno achegarme eu a Vigo, iso era darlle moitas facilidades. E desagradábame a idea de vela en Compostela. Todos os lugares que se me ocorrían están cheos de recordos persoais anteriores ao momento no que vostede irrompeu na miña vida. Entón pensei neste parque. Imaxinei que non lle sería excesivamente complicado vir a Padrón, no caso de que non tivese coche nin ninguén que a pui-

dese achegar. En tren ou autobús. Aínda así, antes de chamala consulte en internet os horarios desde Vigo para asegurarme de que non tería problema en acudir puntual á nosa cita. As once pareceume unha hora razoable, nin sequera tería vostede que madrugar moito...

ROSALÍA.- Non era necesario que se tomase tantas molestias.

MIGUEL.- Si, iso é o máis curioso de todo. De súpeto, decateime de que me estaba a preocupar polo descanso e os hipotéticos problemas de transporte da persoa que había vinte e cinco anos matara a miña muller e o meu mellor amigo.

Pausa.

ROSALÍA.- Aquelas mortes foron un erro.

MIGUEL.- Só aquelas dúas?

ROSALÍA.- A información que tiñamos sobre o seu amigo era equivocada, a súa muller non debía estar no coche con el cando nos dispoñíamos a matalo... Nin sequera eu debía estar alí. Nada do que sucedeu aquela mañá tiña que pasar. Nin esas mortes nin ningunha outra. Todo foi un erro desde o principio. (*Pausa*). Sei... o dura que é esta situación para vostede...

MIGUEL.- Non o sabe.

ROSALÍA.- Para min tampouco é doado.

MIGUEL.- Como dixo?

ROSALÍA.- Desculpe. Non debín...

MIGUEL.- Pretende que sinta compaixón por vostede?

ROSALÍA.- Non, eu...

MIGUEL.- Pois necesítala, sabe? Necesita a miña compaixón. A non ser que a razón do seu interese por verme non sexa a que eu imaxinaba. Pero adiante. Non fun eu quen iniciou isto. Supoño que había algo do que quería falar-me.

ROSALÍA.- Non estou segura.

MIGUEL.- Que non está segura?

ROSALÍA.- En realidade si, pero... O que quero dicir é que...

Rosalía interrómpese. Miguel púxose de pé bruscamente, afastándose uns pasos do banco e dándolle as costas a Rosalía.

MIGUEL.- Contésteme unha pregunta, falou xa cos familiares da outra vítima? Os pais, os irmáns... O meu amigo tamén tiña unha familia. Escribiulles tamén a eles?

ROSALÍA.- Non.

MIGUEL.- Por que non?

ROSALÍA.- Non creo que eles estivesen dispostos a escoitarme.

MIGUEL.- Por que pensa iso?

ROSALÍA.- Eles... amosáronse moi activos contra min durante o xuízo e nos anos que estiven presa. Trataron de impedir a miña liberdade por todos os medios...

MIGUEL.- Estaban no seu dereito.

ROSALÍA.- Tamén vostede. Pero sempre se mantivo á marxe.

MIGUEL.- Non se engane, iso non significa nada.

ROSALÍA.- Eu creo que si.

MIGUEL.- Quería esquecer.

ROSALÍA.- Que non se presentase na causa como acusación particular, que aceptase a miña excarceración sen opoñer resistencia... Lin cousas sobre vostede, sobre as súas ideas. É editor, sei que clase de libros publica. Pensei que se alguén podía chegar a...

MIGUEL.- A que? A comprender?

ROSALÍA.- Si. Supoño.

MIGUEL.- Vostede non ten nin idea. Non ten nin idea de canto desexei que podrecese no cárcere e que nunca volvese ter unha vida, que un día alguén lle arrebatase o que máis amaba. Vostede non sabe nada do que sentín durante todos estes anos, das razóns polas que tratei de borrar da miña memoria para sempre. E agora corríxame se me equivoco... Veume pedir perdón, non si? Por iso me escribiu e se ofreceu a verse comigo. Para pedirme perdón por todos os tiros na caluga da súa xente.

ROSALÍA.- Eu non podo facer iso.

MIGUEL.- Non, vostede só se sente responsable dos seus propios mortos, da bomba que matou a miña muller e o meu amigo. Pois engánase, todos os mortos de ETA son tamén os seus mortos, desde o primeiro até o último. *(Despois dunha breve pausa)*. Entón que?

ROSALÍA.- Sería esixirlle demasiado.

MIGUEL.- Que a perdoe? Si. E agradeceríalle que non me puxese no compromiso. Tería que negarullo. O perdón sen compaixón non é posible.

ROSALÍA.- De todos modos, quería dicirullo. Quería que soubese que me arrepinto do que fixen. Antes de facer estoupar aquela bomba xa sabía que estaba cometendo un erro.

MIGUEL.- Espera que iso me console?

ROSALÍA.- Eles non me colleron, sabe? A policía. Eu provoquéino.

MIGUEL.- Por que tería que crela?

ROSALÍA.- Estiven fuxida cinco anos, puiden seguir así. Poida que nunca chegasen a arrestarme.

MIGUEL.- E por que o fixo? Por que se deixou coller? Fartárase de ter que andar sempre mirando ás súas costas? De súpeto sentiu desexos de regresar á casa e chegou á conclusión de que só o cárcere lle había dar o dereito a empezar unha nova vida?

ROSALÍA.- Quería demostrar que o meu remordemento era real.

MIGUEL.- Nese caso, por que non se entregou sen máis e se arrepentiu publicamente daquelas mortes? Iso era o que tiña que facer. Condenar o terrorismo, dar nomes, información... Pero non fixo vos tede nada diso, verdade? Nin daquela nin despois, cando xa estaba presa e a violencia seguía matando inocentes.

ROSALÍA.- Non quería beneficiarme da miña colaboración coa xustiza.

MIGUEL.- Tiña medo. Medo do que puidesen facerlle os seus vellos amigos se os traizoaba. Temía polos seus.

ROSALÍA.- Si. Pero tiña outros motivos.

MIGUEL.- Hai motivos máis poderosos?

ROSALÍA.- Xa llo dixen. Quería pagar de verdade.

MIGUEL.- Daquela foi só unha cuestión de orgullo, non si? Deixarse coller e botar vinte anos no cárcere para poder presentarse ante min coa cabeza alta, porque xa saldara a súa débeda coa sociedade.

ROSALÍA.- Pensei que llo debía. Que era todo o que podía facer.

MIGUEL.- Pois non é abondo. Nunca vai ser abondo. Nada do que diga nin do que faga poderá saldara a débeda que contraeu comigo. Nada!

ROSALÍA.- Entón por que está aquí? Por que accedeu a verme?

MIGUEL.- Todos cometemos erros. Unha e outra vez. E a miña última equivocación foi acudir a este encontro. Nunca debín concertar esta cita, debín rachar esa maldita carta en canto souben que era súa.

Pausa.

ROSALÍA.- Vostede e a súa muller tiñan un fillo, non si?

MIGUEL.- Si, tiñamos un fillo, unha vida. E vostede estragouna.

ROSALÍA.- Cantos anos ten agora?

MIGUEL.- Que?

ROSALÍA.- O seu fillo. Que idade...?

MIGUEL.- Que lle importa iso?

ROSALÍA.- Ten 27, verdade?

MIGUEL.- Exacto, 27. Tiña dous cando vostede matou a súa nai. Mire, non sei a que vén isto, pero esqueza o meu fillo. Nin sequera imaxina todo o dano que lle fixo a ese rapaz.

ROSALÍA.- É polo seu fillo, non si? Está aquí polo seu fillo. Ten medo do que eu lle poida contar. Non se preocupe. Prométtolle que nunca lle vou dicir nada do que vin aquel día se el intenta poñerse en contacto comigo.

MIGUEL.- De que está falando?

ROSALÍA.- Creo que vostede xa o sabe.

MIGUEL.- Non, non o sei. Explíquese.

ROSALÍA.- Antes preguntoume por que lle escribira. A miña intención non era afondar nas súas feridas, espero que me crea, pero... Pensei que tiña a obriga de darlle a oportunidade de coñecer os derradeiros minutos da vida da súa muller. O que sucedeu durante o atentado, desde que empezou a persecución até que estoupou a bomba. Por iso lle escribín.

MIGUEL.- Pois fixo mal. Nada diso me interesa.

ROSALÍA.- Pero talvez ao seu fillo si que lle interese. Poida que leve moitos anos facéndose preguntas sobre a súa nai e que chegase á conclusión de que quizá eu poida axudarlle. Talvez crea que as respostas que busca están naqueles derradeiros minutos, dentro daquel coche, e entón é posible que queira verme e...

MIGUEL.- Brais non debe saber nada diso.

ROSALÍA.- Non se preocupe...

MIGUEL.- (*Ameazante*). Brais non debe sabelo, estamos?

ROSALÍA.- É o que intento dicirlle. Gardarei o seu segredo, estea tranquilo. Ten a miña palabra.

MIGUEL.- Amañe os seus asuntos e marche decontado. Iso é o que pode facer polo meu fillo e por min se realmente sente a necesidade de reparar dalgunha forma todo o mal que nos fixo aos dous: desaparecer da nosa vida para sempre.

Miguel sae. A sintonía de chamada do móbil de Rosalía rompe o silencio. Rosalía contesta.

ROSALÍA.- Ola, mamá. (...) Quería chamarte, pero tiña medo de que contestase papá. (...) Non, mamá, ten motivos para estar enfadado. E grazas polos cartos. Non era necesario que me mandases nada, pero a verdade é que me veñen ben. Devolvereichos. (...) Vale. (...) Regular. Necesita tempo. Amaia tamén ten motivos para estar así comigo. (...) Por que o dis? (...) Rara? A que te refires? (...) Xa. Ti non te preocupes, seguro que está ben. Sairían toda a noite e agora estarán durmindo. Chámame en canto saibas algo dela, vale? (...) Claro, mamá, fareino. (...) Eu tamén, mamá.

Rosalía finaliza a chamada. Séntese a sirena dunha ambulancia aproximándose. Despois comeza a afastarse até que desaparece na distancia. Escuro sobre Rosalía e luz sobre Brais, que entra polo lateral dereito. Detrás de Brais, entra Miguel, que viste coma na escena anterior. Brais, pola súa banda, está espido de cintura para arriba e vai descalzo. A escena desenvólvese no salón do piso dos avós de Brais.

BRAIS.- Pasa, papá. Ofreciache un café, pero non teño.

MIGUEL.- Fuches outra vez a Vigo?

BRAIS.- Si.

MIGUEL.- Ver ese amigo teu?

BRAIS.- É pola casa de póker da que che falei. Tamén vai entrar no negocio. Saímos tomar algo e enredamos por aí toda a noite. Acabo de chegar. Fáme deitar agora.

MIGUEL.- Non che roubarei moito tempo.

BRAIS.- Sen problema. Teño todo o día para durmir.

MIGUEL.- Sabíalo, non si? Sabías que a muller que matou a túa nai saíra do cárcere. Por iso volviches, verdade?

BRAIS.- Iso non mo preguntaches onte?

MIGUEL.- Pero non me respondiches.

BRAIS.- E por que tería que facelo? Por que tería que contestar as túas preguntas se ti nunca contestaches as miñas? Coa verdade, xa sabes.

MIGUEL.- Que é o que pretendes? Localízala e falar con ela?

BRAIS.- Con esa muller?

MIGUEL.- Si.

BRAIS.- Para que ía querer falar coa muller que matou a mamá? E ademais, como podería atopala?

MIGUEL.- Contratando alguén.

BRAIS.- Un detective?

MIGUEL.- Un detective.

BRAIS.- Xa. Alguén que pescudase que día saía do cárcere e a seguise até o seu novo destino... Para iso necesitaría diñeiro. Bastante diñeiro.

MIGUEL.- Para ti os cartos non son un obstáculo.

BRAIS.- E na túa opinión estou o suficientemente obsesionado co de mamá para facer algo así. Parece que non hai punto medio nisto, eh? Ou te obsesionas ou pasas de todo.

MIGUEL.- Non o entendes...

BRAIS.- Non, nunca o entendín. A túa actitude sempre foi un misterio para min. Desde que descubrí como morrera mamá en realidade. Que non te presentases como acusación particular no xuízo, que te mantiveses á marxe de todo o proceso... Aquela muller matara a mamá e a ti dábache igual se a encerraban ou a deixaban libre.

MIGUEL.- Sabía que iso non ía suceder.

BRAIS.- Nin sequera parecías capaz de amosar algo de odio.

MIGUEL.- De acordo, escoita. Ao acabar a ditadura...

BRAIS.- Clase de historia? Agora?

MIGUEL.- Ao acabar a ditadura e despois durante bastantes anos, ETA seguiu xerando certa simpatía entre os militantes de esquerda.

BRAIS.- Polos seus servizos contra Franco, supoño.

MIGUEL.- Ese foi o erro.

BRAIS.- O erro de quen? Dos que brindastes con champaña pola morte de Carrero Blanco?

MIGUEL.- Eu non tiña idade para beber daquela, pero si, o erro foi pensar que ETA loitaba contra a ditadura, que o seu inimigo era Franco e non o Estado español. E ao morrer Franco, o Estado español, o inimigo, seguía aí. O obxectivo non era a democracia, era a independencia de Euskal Herria.

BRAIS.- Así que ETA tiña que seguir matando. E mentres só caesen militares, a esquerda podía mirar cara a outro lado.

MIGUEL.- Sei como soa iso, pero era o que facían moitos, máis dos que imaxinas.

BRAIS.- Ti entre eles.

MIGUEL.- Pensaba que as ideas estaban por enriba das vidas das persoas. Non trato de xustificarme, pero naquel tempo, a principios dos oitenta, o futuro democrático do país aínda non estaba tan claro. O intento de golpe de Tejero, os primeiros crimes dos GAL... Nada diso axudaba. Quizá non o saibas, pero cando Mitterrand chegou ao poder en 1981, moitos políticos franceses comparaban ETA cos partisanos que loitaran contra os nazis durante a Segunda Guerra Mundial. O ministro do Interior do seu goberno referíase ao terrorismo vasco como a un combate político...

BRAIS.- Dixeches que non intentabas xustificarte.

MIGUEL.- Cando cinco anos máis tarde mataron a túa nai, sentín que unha parte de min fixera estoupar aquela bomba. Por iso non tiven forza moral para presentarme como acusación particular no xuízo, porque, en certa maneira, tamén eu me sentía responsable da súa morte.

BRAIS.- Xa. Pero houbo algo máis.

MIGUEL.- Algo máis?

BRAIS.- A investigación do atentado. Tiñas medo do que che puidesen desvelar sobre mamá os informes periciais.

MIGUEL.- Iso non ten sentido.

BRAIS.- Cousas que quizá xa sabías, que sempre souberas, pero que non querías que ninguén che lembrase. Algún aspecto escuro da súa vida, supoño. Iso que ti sempre intentaches ocultarme, sexa o que sexa. Algo que quizá se agache nos poucos minutos dos que foi testemuña a muller que a matou, oculto talvez no interior do coche no que morreron mamá e ese amigo voso, Simón... Algo que talvez esa muller puido ver.

MIGUEL.- Esa é a razón do teu interese por ela? Un segredo que quizá non exista?

BRAIS.- Entón por que che preocupa tanto que fale con ela?

MIGUEL.- Sabes como atopala?

BRAIS.- Cres que si?

MIGUEL.- Só che estou facendo unha pregunta.

BRAIS.- E que se supón que teño que contestar? A verdade? A verdade estaría ben, non si? Iso é o que

un espera que lle contesten cando fai unha pregunta. Só a verdade.

Pausa.

MIGUEL.- A túa nai e Simón estiveron un tempo xuntos antes de que ela empezase a saír comigo. Romperon despois daquela viaxe de ácido. Simón marchou para a mili e a túa nai e eu empezamos a saír. Simón soubo aceptalo e seguimos sendo amigos. A Universidade pasou, eu comecei coa editorial... Pouco despois a túa nai quedou preñada de ti e casamos. O resto xa o sabes.

BRAIS.- Por que se foi mamá?

MIGUEL.- Estabamos tendo algúns problemas. Cousas de parella. Iso conteicho tamén. Non era nada grave, podíamos solucionalo. Pero a túa nai necesitaba tempo para pensar. Pasaría uns días na casa dunha amiga en Euskadi e volvería, eu podía ocuparme de ti sen problema. Simón traballaba de garda persoal de seguridade para algúns cargos de Alianza Popular e acababa de trasladarse a Donostia. Supoño que ela o chamou para verse e falar. Eran amigos. O caso é que ían por el, ían por Simón. Pensaban que era dos GAL. E a túa nai estaba con el a mañá que ETA planeara matalo. Sabía o que pensarías se che contaba que foran parella antes de que a túa nai empezase a súa relación comigo...

BRAIS.- E que cres que pensaría?

MIGUEL.- Que a túa nai nos abandonara para volver con el.

BRAIS.- Que en realidade nunca o deixaran.

MIGUEL.- Equivócaste se pensas que había algo entre eles.

BRAIS.- O meu pensamento foi moito máis alá.

MIGUEL.- O teu pai son eu, Brais, non Simón.

BRAIS.- Esa é a túa versión. A versión dun embusteiro.

MIGUEL.- Entón cal é agora o seguinte paso, unha proba de paternidade?

BRAIS.- Se cadra non é mala idea.

Pausa.

MIGUEL.- Escribume.

BRAIS.- Quen che escribiu?

MIGUEL.- Esa muller. Mandoume unha carta. Recibina o día que nos vimos no meu despacho. Só era unha nota. Co seu número de teléfono. Ofrecíase a entrevistarse comigo.

BRAIS.- En serio? Tela aí?

MIGUEL.- Guindeina ao lixo despois de lela.

BRAIS.- Que quería? Quería pedirche perdón por matar a túa muller?

MIGUEL.- Non sei o que quería.

BRAIS.- Non a fuches ver?

MIGUEL.- Non.

Pausa.

BRAIS.- Eu tampouco. Supoñendo que contratase un detective e soubese onde atopala. Podes irte tranquilo, o teu segredo segue a salvo.

Pausa.

MIGUEL.- Que pretendes, Brais? Que é o que buscas en realidade?

BRAIS.- Non o sei. Polo de agora, estou vendo cal é a miña posición na partida. Pero teño boas cartas.

MIGUEL.- Ás veces con boas cartas tamén se perde.

BRAIS.- É máis difícil.

MIGUEL.- Aínda así, non esquezas que a vida non é coma unha partida de póker. No póker pode chegar cunha nova man para recuperar o perdido. Pero as cousas que perdes na vida vanse para sempre.

Miguel sae polo lateral dereito. Despois duns intres, entra Amaia polo lateral contrario, envolta nunha toalla e co pelo mollado.

AMAIA.- Con quen falabas?

BRAIS.- Co meu pai.

AMAIA.- Vai todo ben?

BRAIS.- Si.

AMAIA.- Case quedo durmida na bañeira. Pensei que virías.

BRAIS.- Pensaba facelo.

AMAIA.- Tes algo para meternos?

BRAIS.- Non.

AMAIA.- Entón supoño que hoxe me podes foder sen problema.

Amaia deixa caer a toalla ao chan e queda espida ante Brais. Escuro sobre Brais e Amaia. Luz sobre Miguel.

MIGUEL.- (*Falando polo seu teléfono móbil*). Exacto, iso é o que che estou pedindo: unha copia do procedemento contra Rosalía Vidal polo atentado no monte Iguelo. (...) Si, o atentado no que morreu Marta. (...) Sei que o podes facer, só tes que baixar ao soto do edificio e escanear unhas poucas páxinas. (...) Hai algo que necesito saber sobre o momento no que estoupou a bomba, sobre o que estaba a pasar dentro do coche nos instantes previos á explosión. Ten que haber algo sobre iso nas dilixencias da investigación. (...) Xa sei que toda a información sobre o aten-

tado estaría no meu poder se me tivese presentado como parte no procedemento, pero iso foi hai vinte anos e non o fixen. Atende, necesito esa documentación para aclarar algunhas cousas co meu fillo. Non che pediría axuda se non fose importante. (...) Podes confiar en min. (...) Si, é bastante urxente. (...) Tes o meu mail, non? (...) De acordo. E grazas.

Miguel finaliza a chamada. Escuro sobre Miguel e luz sobre unha cama na que dorme Amaia. Hai roupa polo chan e un teléfono móbil na mesa de noite. Brais está sentado nunha cadeira a un lado da cama, en roupa interior, mirando como dorme Amaia. Despois dunha pausa longa, empeza a soar a sintonía de chamada do móbil que está na mesa de noite. Amaia reméxese entre as sabas, pero continúa durmindo. O teléfono para de soar. Silencio.

BRAIS.- Foi o teu teléfono. (*Pausa*). Vas seguir durmindo? (*Pausa*). Se queres seguir durmindo, debías apagar o móbil.

Un breve silencio e o teléfono comeza a soar de novo. Brais sorrí. Finalmente, Amaia colle o móbil e contesta.

AMAIA.- Ola, avoa. (...) Na casa dunha amiga, durmín aquí. Xa cho dixen onte. (...) É que aínda estou na cama, espertáchesme. Que hora é? (...) Non sei, avoa, cando me levante, vale? (...) Si. (...) Que si, avoa, non te preocupes. (*Amaia finaliza a chamada e deixa o móbil na mesa. A Brais*). Que fas aí?

BRAIS.- Mirarte.

AMAIA.- Que me miras?

BRAIS.- Nada.

AMAIA.- Estivéchesme mirando mentres durmía?

BRAIS.- Si.

AMAIA.- (*Volvéndose de costas a Brais*). Non me gusta que me miren mentres durmo. É tétrico.

BRAIS.- Tétrico? O que?

AMAIA.- Mirar para a xente mentres dorme. Dá medo. Es un asasino en serie ou algo así?

BRAIS.- Segue durmindo. Aínda son as seis da tarde e botaches toda a noite por aí antes de presentarte na porta da miña casa hoxe pola mañá. Debes de estar esgotada.

AMAIA.- Tiña cousas nas que pensar.

BRAIS.- Que cousas?

AMAIA.- Se chamarte ou non.

BRAIS.- E ao final decidiches facelo.

AMAIA.- Sempre escollo a opción equivocada.

BRAIS.- Tan mal estivo? Non mo pareceu.

AMAIA.- Quería devolverche os teus cartos.

BRAIS.- Alégrome. Só que agora temos un problema aínda máis grave.

AMAIA.- Moi grave?

BRAIS.- Máis do que imaxinaba.

Pausa.

AMAIA.- Para xa, vale?

BRAIS.- Que estou facendo?

AMAIA.- Para de mirarme así.

BRAIS.- Así como?

AMAIA.- Non sei. Coma se tratases de ver en min cousas que nin sequera eu sei que están aí.

BRAIS.- Por exemplo?

AMAIA.- Só para de mirarme. Pódelo facer? Grazas.

Braisponse de pé.

BRAIS.- Volvo agora. Vou pola motoserra.

Brais sae. Despois dunha breve pausa, Amaia abandona a cama e comeza a vestirse apresuradamente. Pon a roupa interior, unha camiseta... Entón regresa Brais. Trae na man un paquete de cigarros e un acendedor. Amaia continúa vestíndose.

BRAIS.- Pódeste dar unha ducha antes de irte se queres.

AMAIA.- Paso.

BRAIS.- (*Senta na cadeira*). Queres que te leve? Teño coche.

AMAIA.- Hai un tren agora.

BRAIS.- As nais miran os seus bebés mentres dormen. (*Prende un cigarro*). Iso non é tétrico.

AMAIA.- (*Cun sorriso despectivo*). A túa nai facíao?

BRAIS.- Non tiven ocasión de preguntarllo. Morreu cando eu tiña dous anos.

Brais ofrécelle o cigarro prendido a Amaia.

AMAIA.- Síntoo, non quería...

BRAIS.- Claro. Ti non sabías nada.

Amaia achégase a Brais e colle o cigarro. A continuación, Brais prende outro cigarro para el. Amaia senta no bordo do colchón, aos pés da cama.

AMAIA.- Como foi?

BRAIS.- Un accidente.

AMAIA.- De tráfico?

BRAIS.- Xa sabes. Algo que altera o curso natural das cousas. (*Pausa*). Crieime co meu pai. Este piso é del. Era dos meus avós. Meu pai publica libros, é editor. Eu son xogador profesional de póker. Empecei na Universidade. Era bo. Ao final abandonei a carreira e púxenme a xogar en serio. Gaño bastantes cartos, vaime ben. Xa che dixen como me chamo, non?

AMAIA.- Brais.

BRAIS.- Vou de torneo en torneo, viaxo moito. Xa percorrín medio mundo. Tamén participo en partidas privadas. Estou en Santiago por unha desas partidas. Son diferentes ás dos torneos. As partidas privadas poden ser perigosas, nunca sabes como pode reaccionar a xente cando o perde todo. Ás veces a xente pérdeo todo. Non é agradable. Nese tipo de partida podes facer moito dano. E, sinceramente, non me gusta. Esta partida en concreto, menos ca ningunha. Cada minuto que pasa gústame menos.

AMAIA.- Pois retírate.

BRAIS.- Demasiado tarde. Non podo facer iso. Ademais, levo moitos anos esperando para poder xogala. Pero non pensei que me fose resultar tan difícil.

AMAIA.- Por que me contas todo iso?

BRAIS.- (*Encóllese de ombros*). Para que me coñezas un pouco. Non falamos moito pola mañá.

AMAIA.- Non vin falar.

BRAIS.- Xa.

AMAIA.- É mellor non saber nada dos demais. Todo o que hai que saber sobre as persoas é que primeiro te utilizan e despois te abandonan. Ou ao revés.

BRAIS.- Ao revés?

AMAIA.- Si. Tamén ao revés.

BRAIS.- Só quería que soubeses que non son un tío sen escrúpulos. Polo que poida pasar en adiante.

AMAIA.- Non vai pasar nada, así que non importa como sexas.

Amaia comeza a calzarse.

BRAIS.- Quedaches durmida nada máis acabar de facelo. Hostia, tía, foi inmediato, durmías coma un penedo. Eu tamén adormecín. Espertoume o teu móbil. Ti nin te decataches de que estaba soando. Tiñas un sono moi axitado. De súpeto, empezaches a falar. Ao principio pensei que espertaras, pero enseguida me decatei de que estabas falando en soños. Non se entendía ben o que dicías.

AMAIA.- Eu non falo en soños.

BRAIS.- Parecía que chamabas por alguén. Preguntabas onde estaba. Xa sabes, a persoa pola que chamabas. Querías saber onde estaba esa persoa. Entón puxécheste a chorar...

AMAIA.- Estalo inventando.

BRAIS.- E abraceite.

AMAIA.- (*Con sarcasmo, apagando o cigarro*). O meu anxo da garda...

BRAIS.- Esperei a que acougases e levanteime a fumar un cigarro. Cando volvíñ seguías durmida, en paz..., e sentei a mirar para ti. Entón soou o teléfono de novo e espertaches.

AMAIA.- Seguiría durmindo se non falases.

BRAIS.- Sabes que pensaba mentres miraba como durmías?

AMAIA.- Nin o sei nin me importa.

BRAIS.- Se atoparas no teu soño a persoa que buscabas.

AMAIA.- Pois non, non houbo sorte.

BRAIS.- A sorte é importante. Pero é absurdo sentar a esperar que chegue sen facer nada. (*Observa a Amaia mentres ela colle a cazadora e o teléfono*). Por que vives cos teus avós?

AMAIA.- Quen dixo que vivise cos meus avós?

BRAIS.- Criáronte eles?

AMAIA.- No fondo es un tipo afortunado, sabías? Polo menos a túa nai non pasou de ti cando eras neno.

BRAIS.- Iso non o sabes. Se cadra pasou de min e despois morreu.

AMAIA.- Dásme un par de cigarros?

BRAIS.- (*Sacando dous cigarros do paquete de tabaco*). Non sei por que imaxinei que onte pegaras un pau en condicións. Bo abondo para devolverme os meus cartos e mercar tabaco.

AMAIA.- Para iso e para algo máis.

BRAIS.- (*Bótalle o paquete de tabaco a Amaia*). Queda co paquete.

Pausa.

AMAIA.- A miña nai deixoume cos meus avós cando tiña unhas semanas e marchou. Do meu pai non sei nada de nada, nin sequera sei se está vivo ou morto. A miña nai, si, ela está viva. Reapareceu hai uns días. Ela é a única que sabe quen é o meu pai e que foi del.

BRAIS.- Era o teu pai o do soño?

AMAIA.- Nin sequera tería que falar con ela máis de cinco minutos se quixese matar a curiosidade. Abandonoume, nin sequera lle debo eses putos cinco minutos. Pero escribiu un diario. Escribiuno mentres estivo fóra da miña vida. Nese diario conta todo o que podería querer saber sobre eles dous. Sobre o meu pai.

BRAIS.- Estasme pedindo consello?

AMAIA.- Só quería que me coñeces un pouco. Polo que poida pasar en adiante, xa sabes. Paso dos meus pais, non quero saber nada das súas vidas. Así é como son.

BRAIS.- Tes medo do que poidas descubrir sobre eles?

AMAIA.- Dilo por experiencia?

BRAIS.- A outra opción non é posible.

AMAIA.- Que opción?

BRAIS.- Que o teu pai desapareza dos teus soños, esquecerte de todo para sempre e deixar de facerte preguntas. Iso non vai suceder. Así que eu no teu

lugar non deixaría pasar a ocasión. Se tivese a posibilidade de coñecer todo o que sempre quixen saber sobre a miña nai e o meu pai nunca me contou, non a deixaría escapar.

AMAIA.- Grazas. Polos cigarros.

BRAIS.- Volverei verte?

AMAIA.- Gustaríache?

BRAIS.- Estaría ben.

AMAIA.- Malia que o problema se faga aínda máis grande?

BRAIS.- Non teño moitos problemas agora. Podo permitirmo.

AMAIA.- Entón quizá che apeteza que nos metamos algo xuntos... (*Tira un pequeno envoltorio de plástico do peto e guíndao sobre a cama*). Se volto.

BRAIS.- (*Polo envoltorio*). Que é?

AMAIA.- Cabalo. Co cabalo esqueces de verdade. Mésteste un pico e todo deixa de existir.

BRAIS.- Até que o colocón desaparece. E despois volta a empezar.

AMAIA.- Non se decides esquecer para sempre e dunha puta vez.

Amaia sae. Brais fica sentado na cadeira, mirando o envoltorio de heroína sobre a cama. Escuro gradual sobre Brais, mentres comeza a iluminarse Rosalía moi devagar.

ROSALÍA.- O meu compañeiro de comando freou a moto a carón da porta do condutor e eu deixei a mochila coa bomba no teito do coche. Entón puider ver o que pasaba alí dentro. E pensei que non só lles ía roubar a vida a aqueles dous descoñecidos, senón tamén unha parte dos seus segredos máis íntimos, das súas almas. Todo sucedeu nuns instantes. De inmediato, o meu compañeiro deu un acelerón e afastámonos de alí. Un segundos despois sentín a explosión ás miñas costas. El chamáballes petardos. Cando me contou todo o plan e chegou ao momento no que nos apartabamos do coche e a bomba estoupaba dixo: Bum! (*Pausa*). Bum. (*Pausa*). Ao teu pai non lle había gustar aquel individuo. A min tampouco me gustaba. Pero era o meu compañeiro de talde e tiñamos que matar xuntos. Que diferenza había entre nós os dous? Ningunha. Aquela acción igualábanos. Imaxinei que así o verías ti cando finalmente o soubeses todo e quixen abandonar. Ti eras o sinal. Estaba a piques de cometer un erro irreparable, o erro máis grande da miña vida, e ti tratabas de advertirmo. Pero non che fixen caso. (*Pausa*). Cheguei a Donostia un venres pola noite. O talde eramos só ese compañeiro e máis eu. El levaba xa algúns días instalado no piso franco. A bomba estaba preparada. Seguirá o noso obxectivo e estudara os seus movementos. Sería fácil. Fariámolo domin-

go. O noso obxectivo xogaba un partido de fútbol na praia da Concha os domingos pola mañá. Agardariámolo na porta da súa casa. Cando collese o coche, seguiriámolo en moto até que se detivese nalgún semáforo e entón alcanzariámolo, deteriámonos ao seu carón e eu deixaría a mochila coa bomba no teito do coche. Sería cuestión de segundos. Despois afastariámonos e... *(Breve silencio)*. Había pouco tráfico. O noso obxectivo colleu varios semáforos seguidos en verde, o último da avenida poñeríase en vermello en canto el se aproximase. Ese sería o momento. Pero algo fallou, algo sempre falla. De súpeto, pisou o freo e botouse a un lado da calzada. Despois deu marcha atrás uns metros. Pasámolo e detivémonos máis adiante. Vimos como baixaba do coche e se achegaba a unha muller que camiñaba pola beirarrúa en sentido contrario. Parecía que se coñecían. Falaron uns intreiros, pero enseguida empezaron a forcexar. A muller quería seguir o seu camiño, pero el agarrouna polo brazo e empurrouna dentro do coche. Despois ocupou o asento do condutor e púxose en marcha de novo en dirección á praia. Pero unhas rúas máis adiante, desviouse cara ao monte Igueldo. Subimos detrás deles até que se detiveron nunha pequena explanada de terra que se asomaba á enseada. Ese era o lugar, ese era o momento. Díxenlle ao meu compañeiro que esperase. Eu non quería facelo así, aquela muller non tiña por que morrer. El era dos GAL, metérase naquela guerra igual ca nós, pero ela... Que sentido tiña matala tamén a ela? Todo o sentido, replicoume, así era como o que faciamos tiña sentido de verdade, se tamén morrían inocentes. *(Pausa)*. Existe un vínculo entre todas as persoas. Fai que te compadezas do sufrimento alleo, que te arrepintas cando fas dano e perdoes cando son os outros os que te feren a ti. Sempre estivo aí, desde o principio dos tempos, e antes ou despois acaba manifestándose. É un lazo que nos une aos demais. Eu percibino naqueles poucos segundos nos que mirei no interior daquel coche e vin o que estaba sucedendo alí dentro. Comprendín que a vida, como unha corrente subterránea, nos conduce sen remedio cara ao momento no que, por moito que nos ocultásemos, as nosas almas quedan ao descuberto, espidas. E nos convertemos en verdadeiros seres humanos.

Rosalía, que está agora iluminada completamente, ten aberto nas mans o caderno que escribiu para Amaia. Luz tamén sobre Amaia e o resto do escenario. Hai unha cama. Sobre a cama, roupa e unha bolsa de viaxe. Rosalía baixa a ollada cara ao caderno e arríncalle unha folla.

AMAIA.- Por que fixeches iso?

ROSALÍA.- *(Engurra a folla que acaba de arrincar)*. Non necesitas saber nada do que hai escrito nesta páxina.

AMAIA.- Se é algo sobre o meu pai, quero sabelo.

ROSALÍA.- Non é sobre o teu pai.

AMAIA.- Sobre que é?

ROSALÍA.- Sobre as persoas que matei. *(Rosalía entrégalle o caderno a Amaia)*. A avoa chamoume onte. Díxome que non durmiras na casa.

AMAIA.- Saíume un plan.

ROSALÍA.- Coñeciches alguén?

AMAIA.- En serio cres que che vou contestar?

ROSALÍA.- Supoño que non tes por que facelo.

AMAIA.- Durmín na casa dunha amiga.

ROSALÍA.- Non soubo nada de ti até ben entrada a tarde.

AMAIA.- Está empezando a fartarme isto de que a avoa che vaia laretando a miña puta vida paso a paso.

ROSALÍA.- Tivéchela preocupada todo o día.

AMAIA.- A avoa sempre se preocupa.

ROSALÍA.- Eu tamén o estaba.

AMAIA.- Ti esquecete de que existo. E tampouco te preocupes polos avós. Levan todos estes anos aturándome sós e foinos perfectamente, podémonos amañar sen ti. Esta non é a túa vida, vale? Non o é desde hai moito tempo, nunca o foi en realidade. Non che importa con quen saio ou deixo de saír, se son lesbiana ou hetero, se me meto monxa ou se me chimpoo desde a ponte de Rande. Simplemente non é o teu problema. *(Polo caderno)*. Quedo con el?

ROSALÍA.- Si.

AMAIA.- Pois vale. Agora xa te podes ir.

ROSALÍA.- Vouno facer. Xa teño o billete de tren. Marcho mañá.

AMAIA.- *(Disposta a saír)*. Non esperes que algo cambie nunhas horas.

ROSALÍA.- Vou a Euskadi, visitar os teus avós. Os teus outros avós. Viven en Errentería. Eles non saben que ti...

AMAIA.- Boa viaxe.

ROSALÍA.- Tamén vou visitar a tumba do teu pai. *(Pausa)*. Chamábase Jon. Matárono os GAL. Pensabamos que aquel home, o noso obxectivo, pertencía aos GAL. A muller nin sequera tiña que estar naquel coche. Fíxeno para vingar a morte do teu pai. *(Pausa)*. Sei que no fondo esperabas que estivese nalgures, vivo. Pero non é así. Está morto. Cóntocho todo no caderno. Pero isto tiña que dicircho en persoa.

AMAIA.- Cando o mataron?

ROSALÍA.- Antes de que ti naceses. El nin sequera chegou a saber que viñas de camiño. Souben que estaba preñada o día anterior ao atentado.

AMAIA.- Eu estaba alí, dentro de ti, cando mataches aquelas persoas?

ROSALÍA.- Si, dalgunha forma xa estabas alí.

Pausa.

AMAIA.- Dásme noxo. Todos vós dádesme noxo.

Amaia sae. A luz comeza a pechar sobre o rostro de Rosalía.

ROSALÍA.- Buscaba o meu lugar no mundo. A todos nos pasa algún día, a ti vaiche pasar tamén. Estarás confusa, aterrorizada, pero algo che dirá que hai un lugar no que todo ese medo deixará de estar aí. Ese é o noso lugar no mundo. E chega un momento no que necesitas atopalo como sexa. Ás veces tardas moito tempo en dar con el; ás veces, supoño, pasas toda a vida intentando encontralo e non o consegués. Jon, o teu pai, cría que xa o atopara. Era a loita pola independencia do seu país. Preguntábase por que razón había que matar para que algunhas cousas cambiasen. Se matas, o mundo que creas a partir de aí nunca poderá ser bo, pero a humanidade, dicíase, ten unha longa historia de crimes que lle dan sentido a algo tan absurdo. E así trataba de disipar as súas dúbidas. Eu cría que o meu lugar no mundo estaría en Vigo, onde viviamos. Tiña 16 anos e unha cuadrilla de amigos do instituto. Sacaba boas notas, levábame ben con papá e mamá. Empezara a saír cun rapaz do barrio. Non era nada serio, nin sequera me gustaba demasiado, pero era agradable ter alguén que che prestase a súa cazadora se facía frío ou que pedise pola rúa un cigarro para que ti o fumases. O caso é que da noite para a mañá tiveron que abandonar todo aquilo. Papá traballaba en Telefónica e ofrecéranlle un posto moi bo nas oficinas de Donostia, así que nos mudamos. Instalámonos en Errentería. Eu estaba moi enfadada co teu avó por obrigarme a deixar os meus amigos e o meu mozo. Parecía pouco, pero era a miña vida. Sentía odio e rancor, estaba chea de rabia e todo me enfurecía. Pelexaba con el por calquera cousa. No novo instituto enfrontábame aos profesores e non facía as miñas tarefas. Faltaba á clase, suspendía un exame tras outro... Papá castigábame sen saír, quitábame a paga, pero aquilo non servía de nada. Xa non sabía que facer comigo. Preguntábame que quería, que estaba buscando, e eu dicíalle que só quería morrer. Morrer, só iso. Pero entón Jon irrompeu na miña vida...

Luz sobre Amaia, sentada nun banco da rúa. Ao seu carón, unha bolsa de viaxe pequena. Amaia está lendo o diario escrito pola súa nai. Rosalía continúa en escena.

ROSALÍA.- Foi nunha manifestación de estudantes. Aquilo convertérase nunha auténtica batalla rapidamente. De súpeto, fuxindo por unha calexa, algúns de nós vímonos fronte a un grupo de antidisturbios. Quixen retroceder, pero esvarei e caín. A policía xa estaba sobre min cando alguén me agarrou e me arrastrou ao interior dun portal, cerrando a porta detrás de nós. Era el, era o teu pai. Era Jon. O día anterior faláranos na asemblea do instituto. El non estudaba alí, estaba xa na universidade, pero coñecía os nosos líderes e fora falarnos. Falaba moi ben. E era moi guapo, moreno e co pelo crecho. Só conservo unha foto del. É no monte, durante unha acampada. Téñoa na parede da miña cela, ao lado da que me enviou a avoa na que estades ti e Camila. Cando todo isto acabe, pegareina nesta páxina para que, se queres, a teñas sempre contigo. Deixo un oco para ela...

Amaia despega do caderno a foto da que fala Rosalía. Míraa. Rosalía tamén mira a fotografía por enriba do ombro de Amaia.

ROSALÍA.- Non nos dixemos nada naquela ocasión. Simplemente permanecemos calados na penumbra do portal, un fronte ao outro, escoitando. Sentía a súa respiración moi preto, sentía a súa ollada sobre min... Non sei por que, pero imaxinei que estaba a piques de bicarme. Non o fixo, claro, e cando na rúa deixaron de escoitarse voces, abriu o portal e marchou. Pero souben que o atopara. Nese momento souben que Jon era o meu lugar no mundo.

Séntese a bucina dun coche. Escuro sobre Rosalía. Amaia, que volvera á lectura despois de mirar a foto e gardala entre as páxinas do caderno, levanta a ollada. Escuro sobre Amaia e luz sobre Brais, sentado ao volante dun coche detido na calzada. Despois dunha breve pausa, Amaia abre a porta do automóbil e ocupa o asento do acompañante, a carón de Brais. Leva a bolsa de viaxe e o caderno de Rosalía nas mans.

BRAIS.- Ola.

AMAIA.- Non tardaches nada.

BRAIS.- Son o teu anxo da garda, lembras? Ti chamas e eu veño voando.

AMAIA.- Andabas por Vigo?

BRAIS.- A partida, xa sabes. E esa bolsa?

AMAIA.- Algo de roupa.

BRAIS.- Avisaches a túa avoa?

AMAIA.- Díxenlle que ía pasar uns días cunha amiga. Queda máis tranquila así que se lle digo que vou durmir cun descoñecido.

BRAIS.- Eu non son un descoñecido.

AMAIA.- Si que o es.

Brais pon o coche en marcha. Durante uns intres, conduce en silencio. Mira para Amaia, mira para o caderno de Rosalía.

BRAIS.- Ese é o diario que dicías? O da túa nai?

AMAIA.- Si.

BRAIS.- No meu piso estarás tranquila.

Pausa.

AMAIA.- Cres que no mundo hai un lugar para ti?

BRAIS.- Un lugar para min?

AMAIA.- Un lugar especial. O teu sitio no mundo.

BRAIS.- Non o sei. É posible. Nunca pensara niso.

AMAIA.- Eu si. Ás veces. E sempre imaxinei que sería un sitio agradable. Iso é o que supón todo o mundo. Unha boa vida, un traballo que che guste, unha casa... Alguén que te queira... Pero non ten por que ser así. Poida que o lugar que te agarda sexa un sitio horrible, que sexa no peor dos sitios onde encaixas á perfección. Aínda que supoño que ninguén che pode reprochar que queiras fuxir diso, verdade?

BRAIS.- Non, ninguén cho pode reprochar. Nin tam pouco se fracasas no intento.

Escuro sobre Brais e Amaia. Luz sobre Rosalía.

ROSALÍA.- Descubrín que Jon era socio dun club de montaña. Organizaban saídas ao monte e acampadas para afeccionados. Decidín ir e inscribirme, pero a moza que facía as fichas díxome que alí non había sitio para españois. Eu contesteille que era galega, que non era española nin nada parecido. Pero ela insistiu en que liscase. Chameille nazi e racista, e dixenlle que era máis facha que os fachas españois do carallo. Botouse sobre min coma unha fera, pero nese momento apareceu Jon. No momento xusto outra vez. Jon faloume dunha saída ao monte que había programada para a fin de semana. Non tiña que ser socia para anotarme. Suxeríume que a fixese, así podería coñecer o ambiente do club antes de inscribirme. Pareceume ben. Por suposto, primeiro asegureime de que el tamén iría. Levabamos camiñando todo o día cando torcín un nocello cruzando un regato. A nosa intención era chegar a unha fervenza que había algo máis arriba e pasar alí a noite, acampados. Pero eu non podía seguir, o camiño complicábase cada vez máis e case non podía andar. Jon díxolles aos outros que continuasen sen nós. El quedaría comigo, faríamos noite no refuxio que deixáramos atrás había un anaco e ao día seguinte levaríame de volta á casa. Aquela foi a nosa primeira vez. Case non

nos coñeciamos e, non obstante, sucedeu. Aos poucos meses marchei da casa dos avós para ir vivir con el, e xa non nos separamos un do outro até que o mataron. Eu sabía que estaba moi metido na loita pola independencia de Euskadi, pero non imaxinaba até que extremo. Jon procuraba manterme afastada de todo iso. Un día díxome que ingresara en ETA. Eu non tiña que acompañalo, a fin de contas aquela non era a miña loita. Pero para min non había outro camiño posible, decidira seguilo a onde fose. Cruzamos a Francia a pé, a través do monte, unha noite sen lúa e co ceo cuberto de nubes, acompañados por un guía que non nos dirixiu a palabra en catro horas de camiñada. A ese guía substituíuno outro que nos esperaba oculto no que supuxemos era a fronteira. Camiñamos tres horas máis. Estaba amecendo cando chegamos a unha casa solitaria no fondo dun val. Tiñamos que agardar alí, sen saír, até a noite. Un coche viríanos buscar e conducíranos a outro lugar, a outra casa, onde aprenderíamos a fabricar bombas e desde onde sairíamos a adestrarnos e a facer prácticas de tiro no monte. Ese era o noso destino final. Na casa na que nos deixou o segundo guía aquel amencer vivía unha anciá. Preparáranos un cuarto e algo de xantar. Estabamos rendidos, só podíamos pensar en meternos na cama e durmir, pero tamén estabamos famentos. A muller observounos compracida mentres comíamos. Despois díxonos onde podíamos asearnos e amosounos o noso cuarto. Era unha muller moi amable e doce. Lembroume moito a mamá Pura. Non parecía... (*Continúa, despois dunha pausa breve*). Cando xa estabamos deitados, pregunteille ao teu pai se aquela muller sabería quen eramos, se sabería que lles estaba dando cama a dúas persoas que se ían adestrar para matar. Jon comprendeu nese momento que en realidade eu non entendía nada daquel mundo ao que me arrastrara. Faloume da súa avoa, a *amama* Amaia. Eu non chegara a coñecerla e teu pai case nunca a mencionaba, aínda que estiveran moi unidos. Morrera había anos. A *amama* Amaia contáballe contos cando era pequeno, cantáballe cancións. Ela relatáralle a historia da súa patria, contáralle contos de represión e ikurriñas secuestradas. Cantáralle cancións de liberdade... e de vinganza...

Luz tenue sobre Amaia, no sofá do salón do piso de Brais. Amaia quedou durmida co caderno da súa nai no regazo.

ROSALÍA.- Cando espertamos, xa estaba anoitecendo. Sentíanse algúns ruidos procedentes da cociña da casa. A anciá, pensei, cociñando algo saboroso para nós. Jon abrazoume e confesoume que lle gustaría non ter que abandonar nunca aquel lugar. Que

oxalá puidésemos quedar alí para sempre, con aquela anciá descoñecida coidándonos. Se puidese escoller, dixo, ese sería o lugar no que quereda pasar o resto da súa vida. Despois bicoume e fixemos o amor. Ese día concibímoste. Pero o teu pai nunca chegaría a sabelo porque o seu lugar no mundo non eramos ti e eu, senón outro moi distinto.

Entra Brais. A figura de Rosalía esvaécese na escuridade. Brais ve que Amaia dorme profundamente e que ten o caderno escrito por Rosalía no regazo, entre as mans. Brais achégase e quíttalle o caderno, con coidado de non espertala. A continuación senta no bordo da mesa baixa do salón, de costas a Amaia, e abre o caderno por unha páxina ao azar. Non se detén moito tempo nesa páxina, axiña pasa a outra. Vai lendo fragmentos soltos e pasando páxinas até que se detén nunha que, esta si, atrapa todo o seu interese.

AMAIA.- Vas estar sempre aí cando esperte? (*Amaia abriu os ollos e virou cara a Brais, que está concentrado na lectura do caderno e non contesta*). Sempre estás aí cando esperto, sexa a hora que sexa... Vai ser sempre así? Non me importa, que conste. (*Pausa breve*). Que pasa? Por que non dis nada? (*Amaia dáse conta agora de que o caderno da súa nai desapareceu das súas mans. Incorporándose*). Onde está o caderno? Onde...?

Amaia ve que o ten Brais. Pola súa banda, Brais acaba de descubrir que lle arrincaron unha páxina.

BRAIS.- Falta unha páxina.

AMAIA.- Dámo.

BRAIS.- Arrincárona.

AMAIA.- Por favor.

BRAIS.- Fuches ti?

AMAIA.- Devólvemo.

BRAIS.- Falta unha páxina.

AMAIA.- Arrincouna a miña nai antes de darlo. Trae. Por favor.

Brais devólvelle o caderno a Amaia.

BRAIS.- Arrincouna a túa nai?

AMAIA.- Que liches?

BRAIS.- O suficiente.

AMAIA.- Íacho contar.

BRAIS.- Por que? Por que mo ías contar?

AMAIA.- Quería que o soubeses. Pero tiña medo.

BRAIS.- De que tiñas medo?

AMAIA.- Se non queres volver saber nada máis de min, entenderíao.

BRAIS.- Non, non o entenderías.

AMAIA.- Prefires que marche?

BRAIS.- Ti tamén matas xente?

AMAIA.- Hostia, non.

BRAIS.- E o teu pai? O teu pai matou alguén?

AMAIA.- Supoño que o tería feito se chegase a ter a ocasión.

BRAIS.- Por que esa ocasión non se lle presentou?

AMAIA.- Porque o mataron. Ao ingresar en ETA, o meu pai e a miña nai cruzaron a Francia. Durante o día subían ao monte desde a vila na que vivían para facer prácticas de tiro e aprender a utilizar explosivos. Un día, de regreso á vila, alguén os estaba esperando. Sentiuse un disparo. Todos se puxeron a cuberto. Todos agás o meu pai. Alcanzárao o disparo. Estaba no medio do camiño, nunha charqueira de sangue, coa cabeza rebentada e os miolos esparexidos polo chan ao seu redor.

BRAIS.- Agora estaría ben poder dicir que o sinto. Pero non podo.

AMAIA.- Os meus pais foran a aquel lugar a aprender a matar. Cando acabaran o seu adestramento, debían cruzar a fronteira de volta a Euskadi e empezar a poñer bombas e pegar tiros na caluga. Por que ninguén habería sentir mágoa pola morte dun individuo así?

BRAIS.- Pero resulta que aquel individuo era o teu pai, verdade?

AMAIA.- A miña nai amábao. Por iso seguiu os seus pasos e se meteu con el naquilo. Non sei como terían sido as cousas se non chegasen a matalo, poida que abandonasen antes de asasinar a ninguén. Pero o certo é que sucedeu. Alguén dos GAL matou o meu pai e a miña nai decidiu seguir adiante e vingar a súa morte. O que quero dicir é que... Sei que o que fixo a miña nai foi horrible, pero eu mesma non sei moi ben até onde sería capaz de chegar se me arrebatasen o que máis quero e todo o meu mundo se viñese abaixo nun segundo. Ninguén o sabe. Non o sabes até que pasa.

BRAIS.- Mira, entendo que queiras xustificalos...

AMAIA.- Non os estou xustificando.

BRAIS.- E tampouco tes que escusarte por eles...

AMAIA.- Só intento comprender.

BRAIS.- Pero eu non teño por que facelo, vale?

AMAIA.- Debeu de ser así como ocorreu. Así foi como creceron o odio e os desexos de vinganza e se sucederon as mortes, supoño. Nun lado e no outro. Supoño que ninguén quixo entender de verdade o que estaba pasando.

BRAIS.- Iso é fácil de dicir se es o asasino, non a vítima.

AMAIA.- (*Ponse de pé*). Creo que é mellor que marche...

Brais retena.

BRAIS.- Non. *(Pausa)*. Síntoo.

Pausa.

AMAIA.- É coma se eu tamén fose culpable...

BRAIS.- Ti non mataches esas persoas.

AMAIA.- Coma se non merecese...

BRAIS.- Non digas nada.

AMAIA.- Coma se eu tamén tivese que pagar.

BRAIS.- A túa nai xa pagou por aquelas mortes.

AMAIA.- Pero non é suficiente. Nunca será suficiente.

Pausa.

BRAIS.- Líchelo enteiro? O caderno. A que se refire a túa nai? Cando fala do atentado. Di que viu algo dentro daquel coche. A que se refire?

AMAIA.- Non o sei. Esa páxina é a que falta.

BRAIS.- Non fala diso en ningún outro momento?

AMAIA.- Non.

BRAIS.- Vaite deitar. Irei decontado.

AMAIA.- Quizá debería...

BRAIS.- Que?

AMAIA.- Falar con ela antes de que marche.

BRAIS.- Vai marchar? A onde vai?

AMAIA.- A Euskadi. Visitar os meus outros avós e a tumba do meu pai. Marcha mañá. O seu tren sae ás nove. Quizá...

BRAIS.- Non o sei. É boa idea? Tan axiña?

AMAIA.- Se cadra, non. Máis adiante.

BRAIS.- Si. Máis adiante.

Amaia sae. Pausa. Empeza a soar a sintonía de chamada dun teléfono móbil. É a sintonía de chamada do móbil de Amaia. Procede do sofá. Brais atopa o teléfono entre os coxíns. Rapidamente, interrompe a chamada sen contestar. Baixa a luz sobre Brais e sobe sobre Rosalía.

ROSALÍA.- Cando se calmaron un pouco as cousas despois do atentado, volvín á casa cos avós. Había tempo que regresaran a Vigo. Non lles contei onde estivera desde que marchara da casa, tres anos atrás, nin o que acababa de facer. Dixerlles que estaba embarazada e que quería ir para a aldea, coa avoa, mamá Pura, e ter alí o bebé. Eles non me preguntaron nada, non quixeron saber nada, simplemente accederon aos meus desexos. Papá sospeitaba algo, pero calou. Notaba a súa ollada sobre min cando na televisión falaban dun novo atentado, buscando a confirmación das súas sospeitas, pero nunca me dixo nada directamente. Pasou o tempo e ninguén veu a por min. Ninguén sabía onde estaba, ninguén me buscaba. Botaba de menos a Jon, como o estrañaba!, pero, cando ti naciches, de novo

empezaba a sentir algo parecido á felicidade. Durante o embarazo obsesionárame coa idea de que non virías ben. Pensaba en Flora de Outeiro, que disque naceu sen dedos na man esquerda porque, contaba mamá Pura, o seu pai, que era dos roxos, entrara pouco antes de que empezase a Guerra Civil na igrexa parroquial e cortálle a man ao San Antonio da vila. Pero ti viñeches perfecta, peluda e esmirrada, pero con todos os dedeiros. Sentínme agradecida, tomeino como un sinal, a proba de que a vida me perdoara e me daba unha nova oportunidade. Pero a vida nunca che regala unha segunda oportunidade, hai que pagar por ela. E non é unha quen decide cando está saldada a débeda, é a vida a que o decide. Un día vin na televisión que detiveran o meu compañeiro de *talde*. Imaxinei que a policía andaría xa sobre a miña pista. Non podía quedar na aldea esperando a ver a miña fotografía nos informativos, a que irrompesen na casa de mamá Pura e me arrestasen. Tiña que fuxir. Foi na casa daquela anciá, cando xa me encontraba do outro lado da fronteira, onde souben que o meu compañeiro de comando se suicidara no cárcere e que me buscaba a xustiza española. Un amigo de Jon axudárame a saír do país. Botei varias semanas con aquela muller, até que o amigo de Jon regresou. Entregoume un pasaporte falso e algúns cartos. Tamén me facilitou un contacto en Praga. Ao día seguinte púxenme en camiño de novo. Estiven fuxida cinco anos, cambiando constantemente de residencia, mirando sempre ás miñas costas. E cada día que pasaba máis insoportable se me facía a idea de non terte comigo. Necesitaba recuperararte como fose. Se realmente desexaba unha segunda oportunidade, tería que pagar por ela. E suplicar para que a vida aceptase ese pago.

A luz foi abrindo lentamente desde o rostro de Rosalía até descubrir que está nun banco da estación de ferrocarril, coa súa equipaxe no chan. O banco no que está sentada Rosalía mira cara á fronte. Pegado a el, respaldo contra respaldo, outro banco que mira cara ao fondo. Óese un aviso polos altofalantes da estación. Entra Brais e senta ás costas de Rosalía, mirando cara ao fondo. A estación retumba coa chega dun tren.

BRAIS.- Xa amañou os asuntos que a trouxeron a Vigo?

Rosalía mira a Brais. Recoñéceo.

ROSALÍA.- Seica non.

BRAIS.- Non, ten razón. Quédalle un.

ROSALÍA.- Estivéchesme seguindo?

BRAIS.- Tiña outras cousas que facer.

ROSALÍA.- Contrataches alguén para que me seguise por ti?

BRAIS.- Ao principio.

ROSALÍA.- Como soubeches que hoxe collía un tren?

BRAIS.- Tanto vai ter cal é a miña fonte de información se vostede me dá o que vin buscar. E non son as súas desculpas. *(Breve pausa)*. Tiña dous anos cando vostede matou a miña nai. Case non tiveren tempo a estar con ela. Supoño que nunhas poucas semanas esquecín o pouco que me deixara ao morrer: o seu olor, o tacto da súa pel... Esas pequenas cousas... Cando anos máis tarde souben que morrera nun atentado terrorista, nin sequera puiden sentir odio contra vostedes. Odio auténtico, xa sabe. Porque non me deran tempo para coñecela e para querela de verdade. Quero saber quen era en realidade a miña nai para poder odiala a vostede con todas as miñas forzas. Iso é o que quero.

ROSALÍA.- Lamento non poder axudarche.

BRAIS.- *(Ponse de pé)*. Claro que pode. Vostede estaba alí. *(Senta ao lado de Rosalía)*. Refírome ao atentado. Ao que viu dentro do coche antes de que estoupase a bomba.

ROSALÍA.- Como sabes que vin algo?

BRAIS.- Polo seu caderno.

ROSALÍA.- O meu caderno?

BRAIS.- Vostede esperaba que ela viñese hoxe aquí, verdade? A súa filla, Amaia. Esperaba que aparecese na estación, que viñese e a perdoase por abandonala cando non era máis ca un bebé. Pero ten que darlle tempo.

De súpeto, Rosalía precipítase a buscar o móbil no bolso. Cando o atopa, ponse de pé, presa da inquietude, e afástase uns pasos do banco. Chama. Aos poucos segundos, empeza a soar a sintonía do teléfono de Amaia. A música vén do lugar no que está sentado Brais. Rosalía vira cara ao banco. Nese momento, Brais está sacando o móbil de Amaia do peto para que Rosalía o vexa. Unha vez que Rosalía se decata de que el ten o teléfono da súa filla, Brais interrompe a chamada.

ROSALÍA.- Onde está Amaia?

BRAIS.- A súa filla encóntrase ben, non se preocupe.

ROSALÍA.- Que lle fixeches? Fixécheslle algo? Dime onde está.

BRAIS.- *(Ponse de pé)*. Na miña casa, en Santiago.

ROSALÍA.- Que fai alí?

BRAIS.- É a miña invitada.

ROSALÍA.- Que...?

BRAIS.- Coñecémonos, gustámonos...

ROSALÍA.- Que estás dicindo?

BRAIS.- Ela non sabe quen son eu. Non creo que chegásemos a intimar tanto se o soubese.

ROSALÍA.- Amaia e ti...?

BRAIS.- En fin, xa sabe, somos novos... Esas cousas pasan.

ROSALÍA.- Estás tolo.

BRAIS.- Non crea. Aínda que alimentadas polo odio e os desexos de vinganza, mesmo as persoas máis sensatas perden a cabeza e cometen verdadeiras chaladuras. Vostede xa sabe de que lle falo.

ROSALÍA.- Se lle fixeches algún dano...

BRAIS.- Que? Eh? Que faría?

Pausa.

ROSALÍA.- Dei a miña palabra.

BRAIS.- Ai, si? A quen? Ao meu pai? Falou con el, verdade? Esa era unha das cousas que tiña que amañar aquí. Tiña que pedirlle perdón ao meu pai. E el accedeu a vela para asegurarse de que nunca me contaría nada do que viu naquel coche se eu contactaba con vostede.

ROSALÍA.- Tes que falar con el.

BRAIS.- Vou farto das súas mentiras. Quero a verdade.

ROSALÍA.- *(Colle a súa equipaxe)*. Terás que falar con el. Eu non che poderei dicir nada. Dei a miña palabra.

BRAIS.- E que pasa con Amaia?

ROSALÍA.- Non lle farás ningún dano.

BRAIS.- Por que está tan segura?

ROSALÍA.- Eu vivín unha situación coma esta. Se de verdade quixeses vingarte de min, non estarías aquí. Non habería pacto posible. *(Disposta a irse)*. Vai falar co teu pai. El dirache o que queres saber. E deixa en paz a miña filla. Creme, se lle fas algún dano, haste arrepentir toda a túa vida.

BRAIS.- Vostede encargárase diso?

ROSALÍA.- Non será necesario. Poderás amañarte ti só.

Rosalía sae. Escuro sobre Brais e luz sobre Miguel, falando polo móbil no despacho da editorial. Está a follear un documento que ten sobre a mesa.

MIGUEL.- Si, acabo de imprimilo. (...) Voulo amosar ao meu fillo, máis nada. (...) Iso xa o sei, pero confiaba en min, de acordo? Ninguén vai saber nunca que me axudaches nisto. (...) Fareino. E déboche unha. Se algún día te decides a escribir esa novela que levas anos planeando, chámame. Tereicha que publicar aínda que non sirva para ler. (...) Ti tamén. Adeus. *(Miguel finaliza a chamada e pousa o teléfono na mesa. A continuación, senta co documento nas mans. Pasa as follas mirándoas por enriba. Finalmente, detense nunha e le en silencio. Váiselle*

demudando o rostro conforme avanza na lectura até que, de súpeto, ponse de pé e afástase do escritorio, guindando o documento sobre a mesa con brusquidade. Pausa. Comeza a soar o teléfono móbil. Miguel cólleo, mira a pantalla e vólveo deixar na mesa ao tempo que interrompe a chamada sen contestar. Pero axiña empeza a soar de novo. Miguel abaláncase furioso sobre o móbil. Contesta). Que lle pasa? Non entendeu que non quero falar con vostede?

Luz sobre Rosalía.

ROSALÍA.- Escoite...

MIGUEL.- Por que me chama? Por que non deixa de amolarme? Díxennlle que non quería saber nada máis de vostede, xa falamos todo o que tiñamos que falar. Déixeme en paz!

ROSALÍA.- Non, espere...

MIGUEL.- Vou colgar. E non me chame máis.

ROSALÍA.- Ía marchar. Estou na estación de tren, en Vigo, xa tiña o billete... Ía marchar.

MIGUEL.- E porque non o fixo? Fágao!

ROSALÍA.- Escoite...

MIGUEL.- Non.

ROSALÍA.- É o seu fillo...

MIGUEL.- Abonda!

ROSALÍA.- O seu fillo veu falar comigo.

MIGUEL.- *(Despois dunha breve pausa).* Brais foina ver?

ROSALÍA.- Veu á estación.

MIGUEL.- Contoulle algo do que falamos?

ROSALÍA.- Non.

MIGUEL.- Que lle dixo?

ROSALÍA.- Non lle dixen nada. Pero el sábeo.

MIGUEL.- Que é o que sabe?

ROSALÍA.- Sabe que vin algo o día do atentado. Sabe que dentro do coche estaba a pasar algo e sabe que eu o puiden ver. Pero iso é todo. Quería que lle contase o que vin.

MIGUEL.- Como puido Brais saber iso? Como soubo que vostede marchaba, que ía coller un tren?

ROSALÍA.- Pola miña filla. Teño unha filla. Naceu uns meses despois do atentado. Tívena e despois fuxin. Criouse cos meus pais. Chámase Amaia...

MIGUEL.- A súa filla contoulle a Brais que vostede vira algo dentro do coche?

ROSALÍA.- Non, leuno nun diario que escribín no cárcere.

MIGUEL.- E como chegou ese diario ás mans do meu fillo?

ROSALÍA.- Eu deillo a Amaia e el...

MIGUEL.- Brais leuno? Escribiu nese diario o que vira no coche?

ROSALÍA.- Si, pero arrinqueille esa páxina antes de

darlle á miña filla. Atenda, o seu fillo contratou un detective para que me seguise ao saír do cárcere, descubriu que tiña unha filla e coñeceuna. Non lle dixo quen era e agora están xuntos. Ela está na súa casa neste momento. O seu fillo quitoulle o móbil e non teño ningunha forma de advertila.

MIGUEL.- Advertila de que?

ROSALÍA.- De quen é o seu fillo en realidade. Prometinlle que nunca lle falaría a ninguén do que estaba a pasar dentro daquel coche, cumprín a miña promesa...

MIGUEL.- Grazas pola súa discreción.

ROSALÍA.- O seu fillo díxome que se non llo contaba todo...

MIGUEL.- Brais nunca lle faría nada malo á súa filla.

ROSALÍA.- Fale con el. Chámeo. Vaia alí e cóntelle o que quere saber.

MIGUEL.- Estame pedindo axuda?

ROSALÍA.- Estou.

MIGUEL.- E non pensou que se cadra non estaría disposto a darlla?

ROSALÍA.- Por favor. Por favor, ten que...

Escuro brusco sobre Rosalía: Miguel finalizou a chamada. A luz comeza a baixar sobre Miguel até que a escena queda ás escuras. Soa o timbre dunha porta. Luz no salón do piso de Brais. Un silencio breve, e outra vez o timbre. Entra Amaia polo lateral esquerdo. Amaia detense e escoita. Chaman de novo, é un timbrazo máis longo que os anteriores. Amaia espera. Séntese unha porta que se abre e que deseguido se pecha. Uns intres despois, entra Miguel polo lateral dereito. Trae na man un sobre cor manila de tamaño folio. Miguel detense ao ver a Amaia.

MIGUEL.- Chamei ao timbre.

AMAIA.- Xa oín. Pero non sabía se debía abrir.

MIGUEL.- Son o pai de Brais. Miguel.

AMAIA.- Amaia. Unha amiga de Brais. Ola.

MIGUEL.- Está aquí?

AMAIA.- Non. Saíu cedo. Dixo que podía quedar no piso mentres estaba fóra. Non creo que tarde en volver. Dígoo por se quere esperalo. Hai café. Quere que lle faga un café?

MIGUEL.- Non.

AMAIA.- Se prefire...

MIGUEL.- *(Interrómpea, seco).* Non quero nada.

AMAIA.- *(Incómoda).* Se cadra debería recoller as miñas cousas e...

MIGUEL.- Sabías que a nai de Brais está morta?

AMAIA.- Si.

MIGUEL.- Contouche como morreu?

AMAIA.- Non. Díxome que...

MIGUEL.- Matárona. *(Breve pausa).* Matárona nun atentado terrorista...

Baixa a luz sobre Miguel e sobre o resto do escenario. Só Amaia permanece iluminada. Agora encóntrase no dormitorio do piso: a cama, a mesa de noite... Amaia senta no bordo do colchón, aos pés da cama. Despois dunha pausa longa, entra Brais precipitadamente e diríxese cara á mesa de noite.

AMAIA.- Volviches pronto.

BRAIS.- (*Buscando no caixón da mesa de noite*). Xa che dixen que volvería pronto.

AMAIA.- Non está aí.

BRAIS.- Onde está?

AMAIA.- Tireina.

BRAIS.- Tiráchela?

Amaia asente. Brais cerra o caixón. Colle o rostro de Amaia cunha man e vírao cara a el.

AMAIA.- Tireina polo váter. O plástico boteino no lixo. Fixen ben? Queríala?

BRAIS.- Non. Íaa tirar eu agora.

AMAIA.- Cresme, non?

BRAIS.- (*Soltando o rostro de Amaia*). Sí.

AMAIA.- Non a debín pillar. A heroína é chungu.

Brais viu algo no chan, aos pés de Amaia. Agáchase.

BRAIS.- Que é isto?

AMAIA.- O que?

Son cabelos arrincados de raíz, un puñado de cabelos.

BRAIS.- Que fixeches?

AMAIA.- Nada. Púxenme nerviosa e arrinquei un pouco.

BRAIS.- Isto non é un pouco.

AMAIA.- Foi polo dos meus pais. O caderno e iso. Pero xa estou ben.

Brais aperta os cabelos de Amaia no puño, nun xesto de dor e impotencia. Despois senta a carón da moza.

BRAIS.- Non o fagas máis, vale?

AMAIA.- Vale.

BRAIS.- O teu pelo gústame.

Pausa.

AMAIA.- A onde fuches tan cedo?

BRAIS.- Tiña que ver alguén.

AMAIA.- Polo da partida?

BRAIS.- Que?

AMAIA.- Esa partida que tes que xogar.

BRAIS.- Sí.

AMAIA.- O teu pai estivo aquí, sabes?

BRAIS.- Aquí, no piso?

AMAIA.- Chamou ao timbre e como non lle abría ninguén, ao final entrou el coas súas chaves.

BRAIS.- Falastes?

AMAIA.- Sí, claro. Que querías, que me metese no armario até que se cansase de esperarte e marchase? Saín e estivemos falando.

BRAIS.- De que?

AMAIA.- De nada en particular.

BRAIS.- A que veu?

AMAIA.- Quería verte.

BRAIS.- Para que?

AMAIA.- Non mo dixo. Pero dixo que tiña unha cousa para ti. Dixo que era importante.

BRAIS.- A que se refería?

AMAIA.- Non o sei. Só dixo iso, que era importante. Pedíume que cho dixese en canto chegases. Traía un sobre. Poida que fose iso o que che quería dar.

BRAIS.- Non falastes nada máis?

AMAIA.- Non. Por que?

BRAIS.- Por nada.

AMAIA.- Dixo que estaría na editorial. Non quixo esperarte aquí.

BRAIS.- (*Despois dunha breve pausa*). Fuches moi valente.

AMAIA.- Eu? Por que?

BRAIS.- Ao enfrontárestes á verdade sobre os teus pais.

AMAIA.- Tería que facelo antes ou despois. A verdade ao final sempre se acaba sabendo, non? (*Pausa*). Vai, anda.

BRAIS.- Prométeme que estarás aquí cando volva.

AMAIA.- Vale.

BRAIS.- Temos que falar.

AMAIA.- Estarei aquí, prométocho. No me moverei de aquí.

Brais dispónse a saír. Mira a Amaia por última vez. Amaia sorrí. A continuación, Brais marcha. Amaia fica sentada no bordo da cama. Despois dunha breve pausa, leva a man á cabeza mecanicamente e colle un guecho de pelo. Enreda con el durante uns segundos, separando os pelos do guecho até que só ten un cabelo entre os dedos. Entón arríncao dun tirón. Escuro brusco sobre Amaia e luz sobre o despacho de Miguel na editorial. Entra Brais. Brais vai cara ao escritorio e senta na cadeira. Despois de inspeccionar coa ollada a superficie da mesa, empeza a abrir caixóns. No último encontra algo: é un sobre cor manila de tamaño folio. Obsérvao uns intres con aprehensión; dubida, pero ao final ábreo e saca o documento que hai no seu interior. Ponse de pé mentres le a primeira páxina.

MIGUEL.- (*Entrando*). Brais, non!

BRAIS.- (*Sen levantar o ollada do documento*). Que é isto?

MIGUEL.- Espera, déixame que che explique...

BRAIS.- É sobre o atentado?

MIGUEL.- Escoita...

BRAIS.- O informe pericial?

MIGUEL.- Si. É o informe pericial do atentado no que morreu a túa nai. Veña, dámo.

BRAIS.- De onde o sacaches?

MIGUEL.- Envioumo un amigo que traballa na fiscalía da Audiencia Nacional. Pedinllo eu. (*Desistindo da pretensión de que Brais lle dea o documento*). Aí está todo o que se sabe sobre o momento no que estoupou a bomba. Os investigadores examinaron o lugar do atentado e os restos do coche. É fácil imaxinar o que estaba sucedendo alí dentro. (*Pausa*). O que buscas está na páxina sete.

Brais busca a páxina sete. Le.

BRAIS.- (*Desconcertado*). Que... significa isto?

MIGUEL.- Non quería que o soubeses. Non necesitabas sabelo.

Pausa.

BRAIS.- Cando empezou?

MIGUEL.- Na universidade.

BRAIS.- Quen a meteu nesa merda?

MIGUEL.- Meteuse ela soa.

BRAIS.- Iso foi o que viu a muller que a matou? Viu que mamá se estaba picando?

MIGUEL.- Suñoño que si.

BRAIS.- Ti sabíalo? Sabías que era iso o que vira?

MIGUEL.- Imaxinábao, pero non o sabía con certeza. (*Pausa*). Por iso romperon a túa nai e Simón, pola heroína. Ao principio, só a fumaba. Tamén eu lle pedín que parase, pero ela adoitaba tomar as súas propias decisións. E coa túa nai os ultimatós non servían de nada. Durante anos estiven convencido de que nunca pasara de aí, dos chinos, de fumar heroína ocasionalmente, pero trabucábame. Empezara a picarse había tempo. Xuroume que o tiña controlado, que ía cortar coas drogas definitivamente.

BRAIS.- E críchela?

MIGUEL.- Acababa de saber que estaba embarazada, por suposto que a crin. Necesitaba crela. E o certo é que o intentou. Estivo limpa moito tempo. Fumabamos algo de maría de cando en vez. A túa nai conseguira acabar Historia da Arte e eu estaba arrincando coa editorial. Todo marchaba ben. Até que un día volvíñ con antelación dun congreso de editores en Madrid e sorprendina completamente

colocada, case non podía articular palabra. E ti só tiñas dous anos...

BRAIS.- (*Deixando o documento na mesa*). Debíchesmo contar. As cousas terían ido mellor entre nós se...

MIGUEL.- Boteina da casa.

BRAIS.- Que?

MIGUEL.- Empezou como a vez anterior, dicindo que só fora aquel día e que controlaba... Pero xa non a crin. E boteina. Pensei que iría cos teus avós. Cando me pasou o enfado, chameinos para falar con ela e pedirlle que regresase á casa, pero non estaba alí.

Pausa.

BRAIS.- Falaches con Simón esa noite?

MIGUEL.- Falei. Conteille o que pasara e díxenlle que me chamase se a túa nai se poñía en contacto con el. Falamos varias veces durante o tempo que estivo desaparecida, pero seguía sen ter noticias súas. Unhas semanas despois souben que os dous morreran no atentado do monte Igueldo. Non sei como ao final acabaron xuntos no coche de Simón, poida que el non me dixese toda a verdade...

BRAIS.- Talvez si. Poida que mamá levase algúns días en Donostia e non se decidise a acudir a Simón até aquel día, cando só lle quedaba unha dose de cabalo no peto. Poida que fose cara á súa casa cando se atoparon aquela mañá na rúa, co atentado contra Simón xa en marcha.

MIGUEL.- Atopáronse na rúa? Foi así como pasou?

BRAIS.- Non cho contou esa muller cando falaches con ela?

MIGUEL.- Non, non quixen escoitar nada do que puidese dicirme. Citeime con ela só para pedirlle que se afastase de nós.

BRAIS.- Íao facer.

MIGUEL.- Xa o sei. Chamoume desde a estación. Ti acababas de estar alí.

BRAIS.- Para que te chamou?

MIGUEL.- Díxome que coñeceras a súa filla. Tiña medo do que puideses facerlle. Non sei que pretendías enredándote con esa moza, pero...

BRAIS.- Pedituche que lle dixeses a Amaia quen era eu?

MIGUEL.- Si, ela...

BRAIS.- Dixéchesllo? Dixécheslle a Amaia quen son?

MIGUEL.- Tiven que facelo. Non...

De súpeto, Brais abalánzase sobre Miguel.

BRAIS.- Por que o fixeches?

MIGUEL.- Escoita...

BRAIS.- Por que, hostia?! Por que?!

Brais empurra o pai contra o escritorio e sae precipitadamente.

MIGUEL.- Brais!

Miguel sae detrás de Brais. Escóitase outra vez a Miguel chamando polo fillo: «Brais!». A luz baixa devagar. Na escuridade, séntese o tanxer dunha campá. A luz abre de novo desde o rostro de Rosalía. Viste de loito e está ante unha parede de nichos dun cemiterio. Pausa longa. Entra Miguel. Pausa.

ROSALÍA.- Agora estamos en paz.

MIGUEL.- Non. Nada diso. A paz é para os inocentes. Vostede e eu nunca imos estar en paz.

ROSALÍA.- Xa sabe a que me refiro. Entre nós.

MIGUEL.- Nada compensa a perda dun ser querido. E moito menos, máis mortes. Vostede sábeo tan ben coma min.

ROSALÍA.- Pero nun primeiro momento parece que a balanza se equilibra, verdade?

MIGUEL.- É unha impresión pasaxeira. E equivocado. Admito que son humano, ás veces tamén se apodera de min unha idea errónea da xustiza, pero eu non desexaba que isto acabase así. *(Pausa)*. Tróuxenlle o seu caderno.

Miguel entrégalle o diario a Rosalía.

ROSALÍA.- Non era necesario que viñese até aquí para darmos, podía enviarnos por correo.

MIGUEL.- Quería estar hoxe aquí. Que soubese que o sinto, que Brais tamén o sente. A súa filla gustáballe. Creo que se gustaban de verdade. Se nalgún momento pensou en facerlle dano, deixou de ser a súa intención en canto se coñeceron. Pedíume que llo dixese. *(Pausa)*. A heroína non era del. Era de Amaia. Díxolle que a tirara, pero mentiulle. *(Pausa)*. Tamén lle quería dar as grazas por cumprir a súa palabra e non contarlle a Brais o que vira vostede no coche.

ROSALÍA.- Fíxoo? Foi ver a Amaia despois de falar-mos por teléfono?

MIGUEL.- Estaba seguro de que Brais nunca lle faría nada malo, pero fun alí de todos modos. Nunca imaxinei que a súa filla reaccionaría así ao saber quen era el en realidade, ao descubrir que a enganara e a utilizara. Ninguén podía sabelo. Non debe culpase por iso.

ROSALÍA.- Fixemos todo o que puidemos.

MIGUEL.- Non o creo. Gustaríame pensar que si, pero non o creo.

ROSALÍA.- Grazas por intentalo.

Pausa.

MIGUEL.- Non é fillo meu. Brais. Non é fillo meu. O seu pai era o home que morreu no atentado coa miña muller. El era o pai de Brais. É o que lle dicía antes: a balanza nunca se equilibra. O único que podemos facer é deixar de poñer máis peso nos pratos. Para serlle totalmente sincero, non creo que o perdón sexa posible. Nin esquecer. Nin sequera sei se se lle pode pedir a alguén que intente comprender. Pero o que si se pode facer, o que de verdade está na nosa man é deixar de matar. *(Pausa)*. Pensou en publicar ese caderno algún día?

ROSALÍA.- Non.

MIGUEL.- Creo que sería un libro bo. Boteille unha ollada, espero que saiba desculparme. Xa sabe que son editor. Podería poñela en contacto con algún colega, se o prefire. Pénseo. Ten o meu teléfono.

Miguel sae. A luz comeza a pechar sobre o rostro de Rosalía.

ROSALÍA.- De noite, cando xa estaba deitada na miña cela e todo quedaba en silencio, cerraba os ollos e volvía á aldea, a aquela mañá fría e gris na que me separei de ti. Evoqueina cada día desde aquela para que nada dela esvaecese da miña memoria. Nin a néboa, nin o silencio, nin os teus ollos serios fitándome...

Luz sobre Amaia, sentada contra a cabeceira da cama do dormitorio do piso de Brais, cos ollos e a boca entreabertos e a roupa luxada de vómito. Ten un pano anoado no brazo e unha xiringa cravada nunha vea. Entra Brais no espazo iluminado da cama.

ROSALÍA.- Entón podía sentir a lixeireza do teu corpo nos brazos, ulir o recendo a lavanda da túa pel e notar os latexos rápidos do teu pequeno corazón no meu peito. É o momento de partir, deixándote con mamá Pura e os avós, deixando atrás o pozo e a cerdeira. Pero na miña fantasía eu non me vou. Non matei a ninguén e non temos que separarnos...

Brais achegouse á cama. Quitoulle a xiringa da vea a Amaia e estreitou o seu corpo sen vida nos brazos.

ROSALÍA.- Jon está con nós, á calor do lume. Fóra, a néboa permanece pegada aos campos e ás casas, e o día segue o seu curso cara á noite sen sobresaltos. Mentres, contámonos contos e cantamos cancións... As cancións que se lles cantan aos cativos.

Escuro primeiro sobre Rosalía e finalmente sobre Amaia e Brais.

PANO

Agradecementos

En canto a idea desta obra empezou a xerminar na miña cabeza, Vicente Devesa, Fiscal da Audiencia Provincial de Valencia, púxose á miña disposición, unha vez máis e sen titubear, e resolveu todas as miñas dúbidas puntualmente e con exquisita paciencia.

Con Antonio Rey mantiven amplas e esclarecedoras conversas acerca da posibilidade e a pertinencia de *As cancións que lles cantaban aos cativos* cando daba os seus primeiros torpes pasos sobre o papel.

Antón Olmos e Xerardo Couto dedicaron unha parte do seu valioso tempo á lectura das versións iniciais do texto, achegando ás súas páxinas valiosas suxestións.

E a Lola, por descontado, tamén moitas grazas.

ÚLTIMOS TEXTOS PUBLICADOS:

- Hámster** de Santiago Cortegoso [RGT nº 60]
O ogrocho de Suzanne Lebeau [RGT nº 61]
Colgados de Gustavo Pernas Cora [RGT nº 62]
A muller que perdía todos os avións de Josep María Miró [RGT nº 63]
Por que as acacias non han dar xarope? De Luís Araujo [RGT nº 64]
Nunca estive en Bagdad de Abel Neves [RGT nº 65]
Expostas de Teté García, Marta Pérez, Rosa Puga e Vanesa Sotelo [RGT nº 66]
O tempo de Lluïsa Cunillé [RGT nº 67]
Piratas de Eduardo Alonso [RGT nº 68]
Padam Padam de Jose Maria Vieira Mendes [RGT nº 69]
Fóra Feira de Joan Giralt [RGT nº 70]
O principio de Arquímedes de Josep Maria Miró i Coromina [RGT nº 71]
Ritos de sangue de María Xosé Queizán, [RGT nº 72]
Imundação de Marta Freitas [RGT nº 73]
Caixa Negra de Fernando Epelde [RGT nº 74]
Unha corrente salvaxe de Raúl Dans [RGT nº 75]
Micropezas de Marcos Abalde, María Armesto, Afonso Becerra de Becerreá, Ana Carreira, Santiago Cortegoso, Antón Coucheiro, Daniel Currás, Fernando Epelde, Eva F. Ferreira, Clara Gayo, Joan Giralt, Fran Godón, Manuel Lourenzo, Carlos Méndes, Jacobo Paz, Olivia Pena, Xosé Manuel Pazos Varela, Xavier Picallo, Xesús Pisón, Pedro P. Riobó, Vanesa Sotelo [RGT nº 76]
Bagos de uva no padal de Susana Hornos e Zaida Rico [RGT nº 77]
Morte Súbita de Ricardo Cabaça [RGT nº 78]
Mata o teu alumno de Carles Mallol [RGT nº 79]
Arelantes de Wajdi Mouawad [RGT nº 80]
Prohibido sufrir de Clara Gayo [RGT nº 81]
Albertine, o continente celeste de Gonçalo Waddington [RGT nº 82]
Un pé xigante esmágaos a todos de Xavi Morató [RGT nº 83]
A morte é breve de Julio Fernández [RGT nº 84]
Premios «A Pipa» de Dramaturxia Breve 2013-2014: Emoticonas, de Rubén Pérez Pombo; **Silencio**, de AveLina Pérez; **A buxaina**, de Santiago Cortegoso; **O ceo baixo Berlín** de Ernesto Is e **Ofelia**, de Julio Fernández Peláez [RGT nº 85]
Baile de sombras de Fran Godón [RGT nº 86]
A obediencia da muller do pastor de Sergio Marínez Vila [RGT nº 87]